

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

13260 *Real decreto 1079/2014, do 19 de decembro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola.*

O Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea unha organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1307/2001 e (CE) n.º 1234/2007, e o Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño de 2008, polo que se establecen normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 479/2008 do Consello, no relativo aos programas de apoio, o comercio con terceiros países, o potencial produtivo e os controis no sector vitivinícola, regulan as disposicións sobre os programas de apoio que os Estados membros deben presentar á Comisión.

O primeiro programa de apoio ao sector vitivinícola español aplicouse en España entre os exercicios 2009 e 2013, a través do Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, para a aplicación das medidas do programa de apoio ao sector vitivinícola español, que regulou as medidas admisibles de promoción de viños nos mercados de terceiros países, a destilación de alcohol para uso de boca, a reestruturación e reconversión de viñas, a destilación de crise e a destilación de subprodutos.

Así mesmo, o Real decreto 1547/2011, do 31 de outubro, polo que se regula a medida de investimentos recollida no programa de apoio ao sector vitivinícola, estableceu a normativa aplicable á medida de investimentos a partir de 2012, dentro do programa de apoio ao sector vitivinícola español 2009-2013.

O Real decreto 548/2013, do 19 de xullo, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola español, recollía o conxunto de disposicións que desenvolven o programa de apoio do sector vitivinícola español para a aplicación do segundo programa de apoio quinquenal presentado por España á Comisión Europea para o período 2014 a 2018, continuación do anterior, do que cabe destacar como novidades que se eliminan aquelas medidas incluídas no primeiro período quinquenal cuxo período de aplicación derivado da normativa da Unión Europea finalizou en 2012, como son a destilación de alcohol para uso de boca e a destilación de crise, e se inclúen modificacións nas condicións de aplicación das medidas de promoción e de reestruturación e reconversión de viñas resultado de modificacións do Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño de 2008, operadas a través do Regulamento de execución (UE) n.º 568/2012 da Comisión, do 28 de xuño de 2012, e do Regulamento de execución (UE) n.º 202/2013 da Comisión, do 8 de marzo de 2013. En consecuencia, unha vez expirada a vixencia do primeiro programa de apoio 2009-2013 e considerando as modificacións indicadas, derrogáronse os citados reais decretos 244/2009, do 27 de febreiro, e 1547/2011, do 31 de outubro.

Posteriormente, o Real decreto 548/2013, do 19 de xullo, foi modificado polo Real decreto 549/2014, do 24 de xuño, para incluír as novas disposicións en materia de anticipos nas medias dos programas de apoio nacionais, recollidas no Regulamento de execución (UE) n.º 752/2013 da Comisión, do 31 de xullo de 2013, polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 555/2008.

No marco da reforma da política agrícola común (PAC) de 2013 dítase o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea unha organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derroga, entre outros, o Regulamento (CE) n.º 1234/2007. O novo regulamento inclúe novas medidas e submedidas elixibles que poden ser incorporadas nos respectivos

programas de apoio nacionais. O presente real decreto recolle como novidade respecto ao Real decreto 548/2013, do 19 de xullo, as disposicións que desenvolven as novidades que se incorporan ao programa de apoio para o período 2014 a 2018, a submedida de replantación tras arrinca obrigatoria por motivos sanitarios ou fitosanitarios e a medida de innovación, ademais da medida de colleita en verde, que se incorpora ao programa ante a necesidade de dispor dun instrumento preventivo ante posibles situacións de desequilibrio de mercado.

Así, o novo regulamento de organización común de mercados inclúe a posibilidade de financiar dentro da medida de reestruturación e reconversión de viñas a replantación de viñas en caso de arrinca obrigatoria producida por motivos sanitarios ou fitosanitarios por orde dunha autoridade competente do Estado membro, polo que se fai necesario fixar as condicións en que a dita actividade se pode aplicar en España.

Ademais, o dito regulamento inclúe a posibilidade de incorporar ao programa de apoio a nova medida de innovación, que prevé axudas aos investimentos tanxibles ou intanxibles para a transferencia de coñecementos ou a realización de operacións preparatorias ou de estudos piloto, destinadas ao desenvolvemento de novos produtos relacionados co sector do viño ou subprodutos do viño ou novos procedementos e tecnoloxías. Para a aplicación desta nova medida incorpórase no real decreto unha nova sección.

Por último, dada a posibilidade que ofrece o dito regulamento, neste real decreto establécense os requisitos e condicións de financiamento en España da medida de colleita en verde, a cal será activada polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, logo de solicitude xustificada dunha ou varias comunidades autónomas, en caso de que se produza un desequilibrio de mercado.

O presente real decreto dítase tamén en virtude da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, cuxo obxecto é a ordenación básica, no marco da normativa da Unión Europea, da viña e do viño, así como a súa designación, presentación, promoción e publicidade.

Na elaboración deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas, así como as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 19 de decembro de 2014,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto establecer a normativa básica aplicable ás seguintes medidas recollidas no programa de apoio ao sector vitivinícola español 2014-2018, presentado polo Reino de España ante a Comisión Europea de conformidade co disposto no Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea unha organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1307/2001 e (CE) n.º 1234/2007, e no Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño de 2008, polo que se establecen normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 479/2008 do Consello, no relativo aos programas de apoio, o comercio con terceiros países, o potencial produtivo e os controis no sector vitivinícola:

- a) Promoción de mercados en terceiros países.
- b) Reestruturación e reconversión de viñas.

- c) Eliminación de subprodutos.
- d) Invetimentos.
- e) Innovación.
- f) Colleita en verde.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos da aplicación do presente real decreto, entenderase como:

a) Autoridade competente: o órgano competente da comunidade autónoma para a tramitación, resolución e pagamento das axudas a que se refire este real decreto, no seu ámbito territorial, e o Fondo Español de Garantía Agraria como organismo pagador na tramitación, control e pagamento das axudas a que se refire este real decreto de ámbito nacional. Esta definición non se utilizará para os efectos da autoridade competente que debe establecer o requisito de arrinca obrigatoria por motivos sanitarios ou fitosanitarios.

b) Destilador autorizado: toda persoa ou agrupación de persoas que:

1.º Destile viños, viños alcoholizados, subprodutos da vinificación ou de calquera outra transformación de uva, e

2.º Estea autorizada polas autoridades competentes para actuar no marco do artigo 52 do Regulamento (UE) n.º 1308 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

3.º Figure debidamente inscrita no rexistro territorial a que se refire o artigo 40 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado por Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

c) Titular da viña: a persoa ou agrupación de persoas, con independencia da forma xurídica da agrupación ou dos seus membros, que ten os dereitos de plantación ou replantación sobre o cultivo, ben como consecuencia dun dereito de propiedade, ou ben porque teña atribuído calquera outro dereito de disposición sobre o cultivo.

d) Propietario: a persoa ou agrupación de persoas, con independencia da forma xurídica da agrupación ou dos seus membros, que ten o título de propiedade sobre a parcela onde se encontra a viña.

e) Viticultor ou cultivador: a persoa ou agrupación de persoas, con independencia da forma xurídica da agrupación ou dos seus membros, que obtén o produto anual da viña ben por ser o propietario, ou ben por ter atribuído un dereito de uso sobre a viña situada no territorio nacional.

f) Parcela de viña: a superficie continua de terreo en que un só viticultor cultiva a vide, formada por un conxunto de recintos cunha ou varias referencias alfanuméricas, representada graficamente no Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas, en diante Sixpac.

g) Produtor: calquera persoa ou agrupación de persoas que prodúcese viño a partir de uva fresca, de mosto de uva, de mosto de uva parcialmente fermentado ou de viño novo en proceso de fermentación, obtidos por eles mesmos ou comprados, así como calquera persoa ou agrupación de persoas que posúa subprodutos resultantes de calquera transformación de uva distinta da vinificación. Esta definición non se aplicará ás medidas de investimentos e innovación.

h) Programa: para os efectos da medida de promoción en mercado de terceiros países, considérase programa o conxunto de accións de promoción coherentes que se desenvolvan nun ou en varios terceiros países cuxo alcance sexa suficiente para contribuír a aumentar a información sobre os produtos en cuestión, así como a súa comercialización.

i) Acción: para efectos da medida de promoción, entenderase por acción calquera das medidas de información e promoción recollidas no número 2 do artigo 45 do Regulamento (UE) n.º 1308 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, que se recollen no anexo I do presente real decreto.

j) Medida: para os efectos da axuda á reestruturación e reconversión, enténdese como medida o conxunto de operacións tendentes a conseguir a reestruturación e reconversión dunha superficie de viña determinada.

k) Arrinca: a eliminación total de todas as cepas que se encontren nunha superficie plantada de vide. Esta arrinca inclúe a eliminación tanto do portaenxerto como da parte aérea da planta.

l) Operación: para efectos da medida de investimentos e innovación, enténdese por operación a unidade funcional de execución, cun orzamento definido e data de finalización dentro de cada exercicio Feaga.

m) Empresa vinícola: para os efectos da medida de promoción, entenderase por empresa vinícola aquela que elabore e comercialice algún dos produtos mencionados no anexo II deste real decreto.

n) Transformación: para efectos da medida de investimentos, entenderase por transformación calquera acción efectuada sobre uva, mosto ou viño que dea lugar a un produto do anexo VII, parte II, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

ñ) Comercialización: para efectos da medida de investimentos, entenderase por comercialización a posesión ou exposición do produto para a venda, a entrega ou calquera outra forma de posta no mercado.

o) Empresa: para efectos da medida de investimentos e innovación, aplicarase a definición de empresa do artigo 1 do anexo da Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003.

p) Produtor vitivinícola: para os efectos das medidas de investimentos e innovación, entenderase por produtor vitivinícola a empresa que baixo unha mesma personalidade xurídica realiza simultaneamente actividades de viticultor e actividades de transformación.

q) Produtos vitivinícolas: para os efectos das medidas de investimentos e innovación, entenderase por produtos vitivinícolas os mencionados na parte II do anexo VII do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, e que se producisen no territorio español.

r) Produtos relacionados cos produtos vitivinícolas: para efectos da medida de innovación, entenderase por produtos relacionados cos produtos vitivinícolas os novos produtos que se obteñan ao utilizar na súa elaboración como ingrediente ao menos nun 60% da súa composición un ou varios dos produtos do anexo VII, parte II, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, e que se producisen no territorio español.

s) Desenvolvemento: para efectos da medida de innovación, entenderase por desenvolvemento a aplicación concreta dos descubrimentos conseguidos até que se inicia a produción comercial.

t) Centro de investigación e desenvolvemento: para efectos da medida de innovación, considerarase centro de investigación e desenvolvemento toda entidade, con independencia da súa condición xurídica (pública ou privada) cuxo principal obxectivo sexa realizar investigación e desenvolvemento e a explotación dos seus resultados mediante o ensino, a publicación ou a transferencia de tecnoloxía.

u) Investimento intanxible: investimento en activos vinculados á transferencia de tecnoloxía mediante a adquisición de dereitos de patentes, licenzas, «know-how» ou coñecementos técnicos non patentados.

CAPÍTULO II

Medidas de apoio

Sección 1.ª Promoción en mercados de terceiros países

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

Co fin de mellorar a competitividade dos viños españois, as medidas de información e de promoción en terceiros países dos produtos que se mencionan no artigo 6 poderanse financiar con cargo ao orzamento da Unión Europea nas condicións previstas na presente sección.

Artigo 4. *Tipos de accións e duración dos programas.*

1. A medida mencionada no artigo 45 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, poderá incluír calquera das accións e actividades relacionadas no anexo I.

2. As ditas accións deberanse levar a cabo preferentemente no marco dun programa tal e como se define no artigo 2 h).

3. Para cada período de programación, os programas poderán ter unha duración máxima de tres anos por beneficiario e país. Non obstante, poderán ser prorrogados por un período non superior a dous anos, logo de solicitude, de acordo co previsto no artigo 8.4.

Artigo 5. *Beneficiarios.*

1. Poderán presentar solicitudes para acollerse ao financiamento das medidas de promoción en terceiros países:

- a) As empresas vinícolas.
- b) As organizacións de produtores, asociacións de organizacións de produtores e organizacións interprofesionais definidas nos artigos 152, 156 e 157 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, recoñecidas polo Estado membro e que teñan entre os seus fins o desenvolvemento de iniciativas en materia de promoción e comercialización do viño.
- c) Os órganos de xestión das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas vónicas.
- d) As asociacións de exportadores e consorcios de exportación participados exclusivamente por empresas do sector vitivinícola.
- e) As entidades asociativas sen ánimo de lucro participadas exclusivamente por empresas do sector vitivinícola que teñan entre os seus fins a promoción exterior dos viños.
- f) As cooperativas de segundo ou ulterior grao que comercializan viños elaborados polas súas adegas cooperativas asociadas.
- g) Así mesmo, e en caso de existir suficiente dispoñibilidade de orzamento tras a aprobación dos programas correspondentes aos tipos de beneficiarios antes indicados, poderanse considerar tamén beneficiarios os organismos públicos con competencia legalmente establecida para desenvolver actuacións de promoción de viños españois en mercados de terceiros países.

2. Os beneficiarios deberán demostrar suficiente capacidade técnica e financeira para afrontar as exixencias de comercio cos terceiros países, e medios para asegurar que a medida se implementa o máis efectivamente posible. Deberán, así mesmo, garantir a dispoñibilidade, en cantidade e calidade, de produtos para asegurar a resposta fronte ás demandas que se poidan xerar como efecto da promoción realizada.

Artigo 6. *Produtos e países admisibles.*

1. Poderán ser obxecto das medidas de promoción os produtos de calidade, destinados ao consumo directo, detallados no anexo II, que contén con posibilidades de exportación ou de novas saídas comerciais en terceiros países e que pertencen a algunha das seguintes categorías:

- a) Viños con denominación de orixe protexida.
- b) Viños con indicación xeográfica protexida.
- c) Viños nos cales se indique a variedade de uva de vinificación.

2. Considéranse elixibles para realizar medidas de promoción todos os países terceiros, sendo prioritarios os recollidos no anexo III.

Artigo 7. Características das accións e programas.

1. As accións e programas estarán claramente definidos especificando o país ou países a que se dirixen, os tipos de viños que inclúen, as accións e actividades que se pretenden levar a cabo e os custos estimados de cada unha delas.
2. As accións distribuiranse en períodos de doce meses, que comezarán o 1 de xuño de cada ano.
3. As mensaxes basearanse nas calidades intrínsecas do produto e deberanse axustar á normativa aplicable nos terceiros países a que van destinados.
4. No caso dos viños que contén cunha indicación xeográfica, deberase especificar a orixe do produto como parte da campaña de información e promoción.
5. Sen prexuízo do disposto nos números 3 e 4, as referencias ás marcas, se for o caso, poderán formar parte da mensaxe.
6. O órgano colexiado previsto no artigo 19, para favorecer a coherencia e eficacia da medida, poderá establecer anualmente directrices sobre as campañas de información e de promoción, que se regularán polo disposto nesta sección.

Artigo 8. Presentación de solicitudes.

1. Os interesados que reúnan as condicións previstas no artigo 5 presentarán as súas propostas de accións e programas e a documentación correspondente ante o órgano competente da comunidade autónoma en que se encontre radicado o domicilio fiscal da súa empresa ou organización, directamente ou a través de calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, antes do 15 de febreiro de cada ano.

Así mesmo, admitirase a presentación electrónica das solicitudes conforme o previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

2. Os organismos públicos de ámbito nacional, pola súa parte, presentarán as súas solicitudes ante a Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura Alimentación e Medio Ambiente, a través dos mesmos medios e nas condicións establecidas no número 1.

3. As accións e programas presentados deberán conter, ao menos, a información prevista no anexo IV e:

- a) Cumprir o disposto nesta sección.
- b) Respetar a normativa da Unión Europea relativa aos produtos considerados e á súa comercialización.
- c) Reflectir co suficiente grao de detalle todos os requisitos necesarios como para que se poida avaliar a súa conformidade coa normativa aplicable e a súa relación calidade/prezo.
- d) Especificar os medios propios ou externos con que se contará para desenvolver as accións previstas.

4. En caso de solicitar prórroga dun programa, de acordo co artigo 4.3, ademais da documentación prevista nos números 1 e 3 do presente artigo, os interesados deberán presentar un informe de resultados dos dous primeiros anos de execución para a súa avaliación. O dito informe conterá, ao menos, información relativa aos efectos no mercado de destino do programa desenvolvido, ademais de detallar as razóns para solicitar a prórroga.

Artigo 9. Tramitación das solicitudes e avaliación dos programas.

1. As comunidades autónomas examinarán as solicitudes en canto á súa conformidade con esta sección e, se for o caso, coas directrices elaboradas de acordo co previsto no artigo 7.6, requirirán aos solicitantes, se for necesario, a emenda da documentación que sexa precisa e avaliaranas de acordo coas seguintes etapas:

a) Fase de verificación: comprobarase a conformidade das solicitudes cos requisitos das letras a) á f) do artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión. Ademais, comprobarase especialmente que a documentación estea o suficientemente detallada para verificar o cumprimento das exixencias do dito artigo. As solicitudes que non cumpran estes requisitos non poderán pasar á seguinte fase.

b) Fase de avaliación da calidade dos programas: os programas puntuaranse de acordo cos criterios establecidos no número 1 do anexo V. Só se considerarán aprobados aqueles programas que obtivesen, ao menos, o 50% da puntuación total establecida no dito número.

c) Fase de aplicación dos criterios de priorización: só aplicable aos programas que superasen a fase anterior. A puntuación adjudicarase de acordo cos criterios do número 2 do anexo V.

2. As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente antes do 1 de abril a lista provisional de accións e programas ordenados por puntos e a puntuación final de cada un deles será a suma das puntuacións obtidas nos números 1.b) e 1.c). A estas xuntaráselles a documentación dos programas seleccionados (copia dos formularios).

3. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente examinará e avaliará, de acordo co previsto nos números 1 e 2 do presente artigo, as solicitudes presentadas polos organismos públicos de ámbito nacional.

Artigo 10. *Comisión Nacional de Selección de Programas.*

1. No seo da Mesa de Promoción Alimentaria, aprobada na Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural do 19 de febreiro de 2007 e integrada por representantes do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e das comunidades autónomas, constituirase unha Comisión Nacional de Selección de Programas, que estará presidida polo director xeral da Industria Alimentaria e da cal formarán parte como vogais catro representantes do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente designados polo titular da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación e un representante por cada unha das comunidades autónomas que se desexen integrar.

Actuará como secretario, con voz e voto, un funcionario da Subdirección Xeral de Promoción Alimentaria, designado polo presidente.

A dita comisión será a responsable de elaborar, para cada exercicio Feaga, a lista definitiva das accións e programas que se proporán á Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural para a súa aprobación.

2. A lista definitiva de accións e programas elaborárase por orde de puntuación a partir das listas provisionais remitidas polas comunidades autónomas.

3. En caso de empate nas puntuacións serán prioritarios os programas con mellor relación calidade prezo.

4. A Comisión poderá, segundo proceda, propor:

a) Se o gasto total previsto nas solicitudes aprobadas non excede o límite orzamentario inicialmente asignado a esta medida:

1.º A aprobación da lista.

2.º A aprobación da lista condicionada á aceptación de certas adaptacións que se axusten á estratexia e ás directrices establecidas, se for o caso, polo comité previsto no artigo 19.

b) Se o gasto total previsto nas solicitudes aprobadas excede o límite orzamentario inicialmente asignado a esta medida:

1.º A aprobación da lista até o límite da ficha financeira para a medida.

2.º A aprobación da lista dentro dos límites dos fondos dispoñibles para o programa.

Artigo 11. Resolución.

1. Unha vez aprobada pola Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural a lista definitiva das accións e programas seleccionados e as condicións establecidas para eles, as comunidades autónomas ou o Fondo Español de Garantía Agraria, se for o caso, resolverán as solicitudes e notificaranas aos beneficiarios. O prazo máximo para a resolución e notificación do procedemento será de seis meses contados a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das solicitudes.

Transcorrido o prazo de seis meses sen terse notificado aos interesados ningunha resolución, estes poderán entender desestimada a súa solicitude de acordo co disposto no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. No caso de resolución positiva, os beneficiarios comunicarán ao órgano competente da comunidade autónoma ou ao Fondo Español de Garantía Agraria, se for o caso, no prazo máximo de dous meses, a aceptación da resolución nos termos establecidos, así como a xustificación da constitución dunha garantía, de acordo coas condicións previstas no Regulamento de execución (UE) n.º 282/2012 da Comisión, do 28 de marzo de 2012, polo que se establecen as modalidades comúns de aplicación do réxime de garantías para os produtos agrícolas, por un importe non inferior ao 15 por cento do montante anual do financiamento da Unión Europea, co fin de asegurar a correcta execución do programa.

No caso de que o beneficiario, para o exercicio Feaga correspondente, teña varios programas aprobados, o organismo xestor da comunidade autónoma poderá admitir o depósito dunha garantía global que garanta o importe de todos eles, sempre e cando os ditos programas sexan xestionados nunha mesma comunidade autónoma.

No caso de que os beneficiarios sexan organismos públicos, estes estarán exentos de cumprir co requisito de ter que depositar a garantía de boa execución, tal e como establece o artigo 6.a) do Regulamento de execución n.º (UE) 282/2012 da Comisión, do 28 de marzo.

3. A exixencia principal, conforme o artigo 20 do Regulamento de execución (UE) n.º 282/2012 da Comisión, do 28 de marzo, será a execución das accións obxecto da resolución favorable, que deberá alcanzar, ao menos, o cumprimento do 50 por cento do orzamento total do programa aprobado en conferencia sectorial (sen modificacións). Por debaixo deste procederase á execución total da garantía de boa execución, ademais de non pagar a parte executada independentemente da porcentaxe que sexa.

4. No caso de que desista algún beneficiario cuxa solicitude fose obxecto de resolución estimatoria, as comunidades autónomas deberán comunicalo ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, antes do 1 de decembro de cada ano, para o efecto de poder dispor dos fondos que se liberen.

Artigo 12. Modificación das accións e programas.

1. Non se poderán modificar produtos, actividades nin custos das accións e programas salvo cando sexa patente que se obterían mellores resultados coas modificacións propostas. Calquera destas modificacións debe ser obxecto dunha notificación previa ao órgano competente da comunidade autónoma ou ao Fondo Español de Garantía Agraria, se for o caso, que deberá comprobar e, se for o caso, autorizar as modificacións propostas que cumpran os requisitos para seren subvencionables.

2. En ningún caso se poderán modificar á alza os orzamentos aprobados para os programas nin se poderán incluír novos países.

3. As comunidades autónomas comunicarán ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente antes do 1 de xuño de cada ano as modificacións que se produciron e que afecten as anualidades en curso.

4. As modificacións que afecten anualidades non comezadas, no caso de programas plurianuais, deberán ser notificadas, antes do 15 de febreiro de cada ano, ao órgano competente da comunidade autónoma para a súa aprobación, quen, pola súa vez, as comunicará ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente antes do 1 de abril.

Artigo 13. *Financiamento.*

1. O financiamento da Unión Europea das accións recollidas no artigo 4.1 do presente real decreto realizarase de conformidade co artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola comunitaria.

2. A participación financeira da Unión nos programas seleccionados non poderá superar o 50 por cento dos gastos subvencionables. Nos programas de dous ou tres anos de duración o dito límite máximo considérase para cada ano de execución.

Só se concederá unha axuda financeira do 50 por cento dos gastos subvencionables a aqueles programas en que a execución sexa igual ou maior do 75 por cento do aprobado en conferencia sectorial.

Se a execución se encontra entre o 50 e o 75 por cento do orzamento aprobado en conferencia sectorial, o importe da axuda para ese programa calcularase restando ao importe do orzamento executado a axuda recoñecida ao beneficiario na resolución.

3. A contía máxima de axuda por beneficiario non poderá superar o 5% do orzamento destinado á medida na ficha financeira do programa de apoio para o exercicio correspondente. A dita limitación non será aplicable aos beneficiarios recollidos nas letras b), c) e f) do artigo 5 sempre que os programas presentados non estean centrados na promoción dunha marca.

4. A achega económica dos beneficiarios poderá proceder de tarifas ou contribucións obrigatorias.

Artigo 14. *Anticipos.*

1. O beneficiario, se non é organismo público, poderá presentar ao organismo competente da comunidade autónoma unha solicitude de anticipo, que poderá chegar ao 80 por cento do importe da contribución da Unión Europea anual.

2. O pagamento dun anticipo supeditarase á constitución dunha garantía a favor do órgano competente da comunidade autónoma, por un importe igual ao 110 por cento do dito anticipo, de conformidade coas condicións establecidas no capítulo III do Regulamento de execución (UE) n.º 282/2012 da Comisión, do 28 de marzo.

Artigo 15. *Pagamentos.*

1. Poderase solicitar un único pagamento ou pagamentos intermedios da contribución da Unión Europea anual. As solicitudes referiranse ás accións realizadas e pagadas.

2. Todos os pagamentos se deben realizar a través dunha conta bancaria única dedicada en exclusiva a este fin.

3. As solicitudes de pagamentos intermedios deberanse presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma, ou ante o FEGA no caso de organismos públicos de ámbito nacional, antes de que conclúa o mes seguinte a aquel en que expire cada período de catro meses, a partir do 1 de xuño.

Os pagamentos intermedios e o pagamento do anticipo previsto no artigo 14 non poderán superar no seu conxunto o 80 por cento do total da contribución da Unión Europea.

4. Unha vez finalizadas as accións de cada anualidade, e antes do 1 de xullo, o beneficiario poderá solicitar o pagamento do saldo da axuda ante o órgano competente da súa comunidade autónoma ou ante o Fondo Español de Garantía Agraria, se for o caso.

5. A comunidade autónoma ou o Fondo Español de Garantía Agraria, se for o caso, realizará os pagamentos nun prazo máximo de 75 días desde a recepción completa da solicitude de pagamento.

6. Para que se consideren admisibles, as solicitudes de pagamento irán acompañadas, ao menos:

a) Dun informe resumo das accións desagregadas en actividades co correspondente importe orzamentario e o custo final de cada unha delas, e unha avaliación dos resultados obtidos que se poden verificar na data do informe.

b) Das facturas e demais xustificantes de gasto dos pagamentos realizados. No caso de accións cuxa execución se subcontrate a provedores de servizo deberase achegar factura do dito provedor e proba do pagamento efectivo.

c) Do extracto bancario da conta mencionada no número 2 do presente artigo en que se poida comprobar a realización dos pagamentos xustificadas mediante as facturas citadas na letra b).

7. O pagamento estará supeditado á presentación das contas auditadas e informes de auditoría de contas realizados por un auditor de contas ou sociedade de auditoría legalmente recoñecidos ou, no seu defecto, á verificación de conformidade por parte da comunidade autónoma das facturas e os documentos mencionados no número 6.

8. Así mesmo, de cara á xustificación técnica das accións, poderase solicitar ao beneficiario que achegue os medios de proba que acrediten a realización das accións promocionais.

9. Poderanse considerar subvencionables os custos de persoal da empresa dedicado ás actividades de promoción. Tamén serán subvencionables os custos xerais do beneficiario, sempre e cando os ditos custos se consignen nunha partida específica do orzamento recapitulativo do programa. As condicións para a subvencionabilidade dos ditos gastos son as establecidas no anexo VII deste real decreto.

10. Non se poderán considerar subvencionables os custos referidos no anexo VIII deste real decreto.

Artigo 16. *Liberación de garantías.*

1. A garantía recollida no artigo 14 liberarase cando a comunidade autónoma recoñecese o dereito definitivo a percibir o importe anticipado.

2. A garantía recollida no artigo 11 deberá ter validez até o momento do pagamento do saldo e liberarase cando a autoridade competente da comunidade autónoma acorde a súa cancelación.

Artigo 17. *Controis.*

1. Os órganos competentes da comunidade autónoma e o Fondo Español de Garantía Agraria, se for o caso, realizarán un plan de control anual sobre a base dunha análise de riscos que incluírá, ao menos, o 20 por cento dos programas, pagados o ano anterior.

2. O control terá por obxectivo comprobar na contabilidade xeral:

a) A exactitude da información facilitada coa solicitude de pagamento.

b) A realidade e regularidade das facturas presentadas como xustificantes dos gastos.

c) A exactitude do extracto bancario presentado.

d) Que non se perciben axudas recollidas no artigo 20 c), inciso iii), do Regulamento (CE) n.º 1698/2005 Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no artigo 16.2 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, ou no artigo 2.3 do Regulamento (CE) n.º 3/2008 do Consello, do 17 de decembro de 2007, sobre accións de información e de promoción dos produtos agrícolas no mercado interior e en terceiros países.

3. O resultado dos controis realizados no marco do plan de control anual non afectará o grao de cumprimento do programa.

Artigo 18. *Comprobación do material.*

Os beneficiarios da axuda deberanse asegurar da conformidade do material de información e promoción elaborado no marco dos programas tanto coa normativa da Unión Europea, como coa lexislación do terceiro país en que se desenvolva o programa. Para isto, o beneficiario presentará ante a comunidade autónoma competente ou ante o Fondo Español de Garantía Agraria, se for o caso, unha declaración responsable onde indique a conformidade do dito material e o cumprimento da normativa de aplicación correspondente.

Artigo 19. *Comité de avaliación e seguimento da medida.*

1. No marco da Mesa de Promoción Alimentaria aprobada na Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural do 19 de febreiro de 2007 constituirase un comité de avaliación e seguimento da medida de promoción, en diante Comité, no cal se integrarán catro representantes do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, designados polo titular da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación, un representante por cada unha das comunidades autónomas que se desexen integrar, un representante do Ices España Exportación e Inversións, designado polo presidente do organismo, un representante da Federación Española do Viño e un de cooperativas agroalimentarias e un representante de cada unha das OPA representativas.

2. O Comité estará presidido polo director xeral da Industria Alimentaria e actuará como secretario un funcionario da Subdirección Xeral de Promoción Alimentaria, designado polo presidente, que actuará con voz pero sen voto. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, o presidente será suplido polo vicepresidente, que será un funcionario con nivel de subdirector xeral, designado polo titular da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación.

Será atendido por medios persoais, técnicos e orzamentarios do órgano en que se encontra integrado.

3. As funcións do Comité serán:

- a) Elaboración da estratexia e directrices previstas no artigo 7.
- b) Seguimento da execución e avaliación das accións e programas.
- c) Proposta de accións e programas de interese xeral.
- d) Propor prioridades respecto a produtos e países destinatarios.

4. O Comité reunirse periodicamente en función das necesidades ou por petición dos seus membros. Para tal fin, será informado, en relación con cada un dos programas, do calendario das accións previstas, dos informes das actividades realizadas e dos resultados dos controis practicados.

5. O Comité axustarase, no seu funcionamento, ao previsto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 20. *Informes.*

1. As comunidades autónomas elaborarán un informe anual do resultado dos programas e controis efectuados que se presentará antes do 1 de novembro de cada ano ao Comité de avaliación e seguimento da medida previsto no artigo 19.

2. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente realizará anualmente un informe xeral dos programas acompañado, se for o caso, de propostas de modificación da medida.

*Sección 2.ª Reestruturación e reconversión de viñas**Artigo 21. Ámbito de aplicación.*

1. A axuda á reestruturación e reconversión de viñas recollida no artigo 46 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, será de aplicación ás viñas que se destinen á produción de uva para vinificación.

Artigo 22. Beneficiarios.

1. Poderanse acoller á axuda á reestruturación e reconversión de viñas os viticultores cuxas viñas se destinen á produción de uva para vinificación.

2. Non poderán ser beneficiarios os que contraveñan a normativa vixente en materia de plantacións de viña, para calquera das superficies de viña da súa explotación.

*Subsección 1.ª Reestruturación e reconversión de viñas mediante plans**Artigo 23. Actividades subvencionables.*

1. O apoio para reestruturación e reconversión de viñas só se poderá conceder para unha ou varias das actividades seguintes:

- a) Reimplantación de viñas.
- b) Reconversión varietal.
- c) Mellora das técnicas de xestión de viñas.

2. Non se poderán acoller a este réxime de axudas:

a) A renovación normal das viñas que chegasen ao final do seu ciclo natural, entendida como a replantación dunha mesma parcela de terra coa mesma variedade de uva de vinificación e segundo o mesmo «método de cultivo».

b) As superficies que se beneficiasen desta axuda á reestruturación e reconversión de viñas nos últimos dez anos, salvo para o cambio de vaso a espaller ou a outro sistema de condución. O período contabilizarase a partir da data en que o beneficiario solicitou o pagamento definitivo da axuda para esa superficie ou a liquidación do saldo en caso de ter solicitado anticipo.

c) A arrinca e a plantación de viñas plantadas en virtude dunha concesión de novas plantacións outorgadas segundo o artigo 2.2 do Real decreto 1472/2000, do 4 de agosto, polo que se regula o potencial de produción vitícola, até pasados dez anos da dita plantación.

d) As operacións de xestión diaria dunha viña.

Artigo 24. Plans de reestruturación e reconversión de viñas.

1. O réxime de reestruturación e reconversión de viñas levarase a efecto a través dos plans de reestruturación e reconversión, que conterán as correspondentes medidas que se van realizar. Os plans poderán ser anuais ou plurianuais cunha duración máxima de cinco anos, sen que en ningún caso se estendan máis aló do exercicio financeiro 2018.

2. Os plans de reestruturación e reconversión de viñas serán colectivos. Non obstante, as comunidades autónomas poderán admitir plans individuais cando as súas circunstancias específicas así o aconsellen. O número mínimo de viticultores que poderán constituír un plan colectivo de reestruturación e reconversión de viñas será de vinte. As comunidades autónomas poderán reducir o número mínimo de viticultores até cinco naquelas zonas en que, polas súas especiais características, non se poida alcanzar o número citado para a realización dos plans colectivos.

3. Os plans colectivos de reestruturación e reconversión realizaranse no marco dun acordo celebrado entre os viticultores participantes.

Artigo 25. *Presentación dos plans de reestruturación e reconversión de viñas.*

1. Os viticultores que se queiran acoller a un plan de reestruturación e reconversión de viñas obxecto de financiamento da Unión Europea deberán presentar a correspondente solicitude ante o órgano competente da comunidade autónoma en que estean situadas as superficies que se van reestruturar ou reconverter, directamente ou a través de calquera dos lugares previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, antes da data que determinará o citado órgano competente.

Así mesmo, admitirase a presentación electrónica das solicitudes conforme o previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño.

2. Os viticultores deberán achegar, xunto coa solicitude, o proxecto do plan, que deberá conter, ao menos, a seguinte información:

- a) Obxectivos perseguidos polo plan.
- b) Localización do plan e identificación.
- c) Identificación dos viticultores que o integran, se o plan é colectivo.
- d) Localización e características das parcelas, iniciais e reestruturadas (variedades, sistemas de formación, marco de plantación, etc.), con achega da identificación dos recintos Sixpac das parcelas que integran o plan.
- e) Dereitos de plantación que se van incluír no proxecto especificando os dereitos de replantación de dentro ou fóra da explotación.
- f) Estudo de custos e calendario previsto de execución e de financiamento das medidas.

Naqueles casos en que o viticultor non sexa propietario da superficie nin titular da viña que se quere reestruturar ou reconverter, necesitarase autorización do propietario e, se for o caso, do titular.

Artigo 26. *Requisitos dos plans.*

1. A superficie total reestruturada ou reconvertida no marco dun plan de reestruturación e reconversión de viñas deberá ser de, ao menos, 10 hectáreas para os plans colectivos e 0,5 hectáreas para os plans individuais.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, as comunidades autónomas poderán establecer límites superiores ou inferiores sempre e cando neste último suposto o tamaño medio das parcelas de viña desa comunidade sexa inferior a 0,2 hectáreas.

2. A parcela de viña, unha vez reestruturada ou reconvertida, terá que ser, ao menos, de 0,5 hectáreas. Non obstante, o dito límite poderá ser inferior se o número de parcelas, tras a realización do plan de reestruturación e reconversión, é inferior ao 80 por cento do número de parcelas iniciais, ou se o tamaño medio das parcelas de viña para unha comunidade autónoma é inferior a 0,1 hectáreas. Tamén poderá ser inferior a 0,5 hectáreas se é lindeiro con outra parcela do mesmo titular ou viticultor.

Nos casos en que a medida se limite a operacións de sobre enxertía ou de cambio de vaso a espallar ou a outro sistema de condución, a superficie mínima será a inicial.

3. A superficie máxima obxecto de resolución aprobatoria será de 25 hectáreas por viticultor e ano. Non obstante, as comunidades autónomas poderán reducir a superficie máxima obxecto de reestruturación ou reconversión por viticultor e ano.

4. Será obrigatoria en todas as plantacións, salvo as situadas na Comunidade Autónoma de Canarias, a utilización de portaenxertos certificados. Para percibir a axuda é necesaria a presentación da factura do viveirista ou comerciante autorizado e o xustificante de pagamento.

Artigo 27. Aprobación dos plans.

1. As comunidades autónomas tramitarán as solicitudes e requirirán ao solicitante, se for o caso, a presentación da documentación ou información que debe emendar, ou da adicional pertinente.

As comunidades autónomas resolverán sobre as solicitudes dos plans presentados, sen que a dita aprobación supoña ningún compromiso futuro de gasto por parte das administracións, no prazo máximo de seis meses desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Transcorrido o prazo de seis meses sen se ter notificado aos interesados resolución ningunha, estes poderán entender desestimada a súa solicitude, de acordo co disposto no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. Na aprobación polas comunidades autónomas dos plans de reestruturación e reconversión de viñas, os plans colectivos serán prioritarios sobre os plans individuais, e dentro daqueles serán prioritarios os que contén con máis explotacións de titularidade compartida de acordo coa Lei 35/2011, do 4 de outubro. Ademais, as comunidades autónomas poderán establecer outros criterios de prioridade.

Artigo 28. Asignación inicial de fondos.

1. As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, antes do 15 de setembro de cada ano, as necesidades de financiamento para o exercicio financeiro seguinte de acordo co anexo IX.

2. Unha vez coñecidas as disponibilidades financeiras para a reestruturación e reconversión de viñas de cada exercicio, a Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, tendo en conta a información remitida polas comunidades autónomas prevista no número anterior, acordará a asignación inicial de fondos para cada comunidade autónoma. A dita asignación realizarase tendo en conta, en todo caso, a superficie de viña e a necesidade de reestruturar determinadas viñas como consecuencia da non adecuación das súas producións ao mercado, sen prexuízo da reasignación posterior de fondos que se realizará, se for o caso, segundo o disposto no artigo 30.

Artigo 29. Aprobación definitiva das medidas.

1. Unha vez acordada, segundo o artigo 28.2, a asignación de fondos para a reestruturación e reconversión de viñas, para cada comunidade autónoma e cada exercicio financeiro, as comunidades autónomas realizarán unha aprobación definitiva das medidas que serán financiadas en cada exercicio financeiro.

2. Considerarase como aprobación definitiva a resolución de pagamento realizada pola comunidade autónoma unha vez solicitado polo beneficiario o pagamento da axuda de acordo co artigo 34.

Artigo 30. Reasignación de fondos entre comunidades autónomas.

1. Como máis tardar o 20 de xuño de cada ano, as comunidades autónomas enviarán á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a declaración dos pagamentos realizados polo organismo pagador no exercicio financeiro en curso, referidos ao venres da semana inmediatamente anterior á data do 20 de xuño, de acordo co anexo X.

2. Cando os pagamentos comunicados, de acordo co número anterior, por unha comunidade autónoma, excedan o 90 por cento da súa asignación inicial financeira acordada segundo o artigo 28.2 para o exercicio en cuestión e se a comunidade autónoma tiver necesidades de fondos até o 15 de outubro do exercicio financeiro en curso, por encima das cantidades pagadas na data prevista no número 1, esas necesidades poderanse atender en caso de existiren fondos non utilizados por outras comunidades autónomas. As necesidades deberanse comunicar de acordo co previsto no anexo XI.

3. Cando os pagamentos comunicados por unha comunidade autónoma, de acordo co número 1, sexan inferiores ao 90 por cento da súa asignación inicial, procederase a unha reasignación dos fondos iniciais concedidos a esa comunidade autónoma segundo o artigo 28.2, axustándoos ao pagamento realizado e comunicado segundo o número 1.

4. Os fondos non utilizados distribuiranse entre as comunidades autónomas con necesidades, que cumpran co número 2, segundo os criterios acordados conforme o artigo 28.2.

Artigo 31. *Prazo de finalización e pagamento das medidas.*

A comunicación da solicitude de pagamento referida no artigo 34 por parte dun beneficiario deberase realizar até o 31 de xullo de 2018, sen que en ningún caso o pagamento da medida se estenda máis aló do exercicio financeiro 2018.

Artigo 32. *Cálculo da axuda.*

1. Poderanse conceder axudas para:

- a) Compensar os viticultores participantes no plan pola perda de ingresos derivada da súa aplicación.
- b) Participar nos custos da reestruturación e reconversión de viñas.

2. A compensación aos viticultores por perdas de ingresos concederase durante un máximo de dúas campañas. A compensación será do 25 por cento do valor medio da uva das tres últimas campañas no ámbito territorial onde se localicen as parcelas obxecto de reestruturación ou reconversión, que a comunidade autónoma deberá definir. As comunidades autónomas poderán establecer que esta compensación adopte a forma de coexistencia de vides vellas e novas durante dúas campañas.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, non terán dereito á compensación por perda de ingresos aquelas superficies reestruturadas coa achega dun dereito de replantación non xerado da aplicación do plan de reestruturación.

Cando a operación que se leve a cabo sobre unha parcela de viña sexa a sobreexertía ou a transformación de vaso a espaller ou a outro sistema de condución, concederase a compensación por perda de ingresos para esa superficie por unha campaña.

3. A participación nos custos da reestruturación e reconversión da viña unicamente se poderá efectuar para as operacións recollidas no anexo XII e non se poderán financiar operacións de forma illada, a excepción da sobreexertía ou do cambio de vaso a espaller ou a outro sistema de condución. Tampouco serán subvencionables as operacións con material de segunda man.

A participación nos custos da reestruturación e reconversión da viña será o resultado de aplicar a porcentaxe fixada no artigo 46.6 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, para os plans colectivos, e un 15 por cento inferior para os plans individuais, aos importes máximos establecidos para cada unha das operacións recollidas no anexo XII. O montante percibido en ningún caso poderá ser superior ao que resulte da aplicación das ditas porcentaxes sobre o gasto efectivamente realizado e acreditado mediante factura e xustificante de pagamento para todas aquelas operacións que non fosen executadas polo propio beneficiario. As comunidades autónomas poderán dispor, para o seu ámbito territorial, a aplicación dunha porcentaxe inferior á fixada no artigo 46.6 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e non aplicar a subvención dalgunha das operacións recollidas no anexo XII.

No caso das operacións executadas con medios propios, para a determinación das cantidades auxiliabes dos custos distintos da compra de material e dos que non se dispón de xustificante de pagamento, as comunidades autónomas deberanse axustar ao establecido no artigo 8.2 do Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño.

Non se financiarán os custos de arrinca naquelas superficies onde se utilicen dereitos de replantación non xerados na aplicación do plan de reestruturación e efectuada a arrinca con anterioridade á solicitude do plan.

4. Para determinar o importe da axuda a que ten dereito un viticultor pola reestruturación e reconversión dunha superficie de viña, as comunidades autónomas realizarán unha medición da parcela reestruturada e, se for o caso, da parcela arrincada seguindo o método recollido no artigo 75 do Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño.

5. Poderase autorizar a subrogación dos dereitos e obrigacións derivados da aprobación do plan cando se dean, ao menos, os seguintes requisitos:

a) No caso de cambiar de parcela:

1.º Na nova parcela non se aprobarán operacións que non fosen solicitadas e aprobadas na orixinal.

2.º Todas as operacións se pagarán sobre a nova parcela.

b) No caso de autorizar a subrogación a un novo viticultor, este deberá asumir os compromisos adquiridos polo viticultor a que se lle aprobou o plan nas parcelas subrogadas.

6. Salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais segundo se recolle no segundo punto do artigo 2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e nos casos de expropiación, as superficies acollidas aos plans de reestruturación e reconversión de viñas de acordo co presente real decreto deberán permanecer en cultivo un período mínimo de dez campañas contado desde a campaña seguinte a aquela en que se solicitou o pagamento. O seu incumprimento obrigará o beneficiario da axuda á devolución da axuda percibida máis os xuros legais correspondentes.

Artigo 33. *Anticipos.*

1. Non obstante o disposto no artigo 34, os participantes nos plans poderán solicitar un anticipo máximo de até o 80 por cento da axuda aprobada cando cumpran, ao menos, as seguintes condicións:

a) Cando comezase a execución da medida para a cal se solicita o anticipo. Para estes efectos, considerarase que comezou a dita execución cando se realizase a arrinca da plantación ou se achegue factura de compra da planta e o pagamento desta mediante xustificante bancario, ou se demostre ou verifique fidedignamente calquera outra operación de carácter irreversible.

b) Cando constituísen unha garantía por un importe igual ao 120 por cento do anticipo da axuda aprobada.

2. Sen prexuízo do previsto no artigo 31, cando se concedan anticipos será obrigatorio executar a medida antes de que finalice a segunda campaña seguinte á concesión do anticipo. No caso de non executar a medida nos prazos establecidos, o viticultor reembolsará todo o anticipo que lle fose concedido máis os xuros legais correspondentes contados desde o momento do pagamento do anticipo, salvo que as superficies consideradas se encontren nunha zona que sufrise unha catástrofe natural recoñecida polas autoridades competentes ou as operacións previstas non se poidan levar a cabo debido a problemas fitosanitarios certificados por un organismo acreditado. Nestes casos poderase adaptar o período de execución da medida para a non devolución do anticipo e, en caso de executarse a medida antes do 31 de xullo de 2018, pagarase o saldo.

O viticultor, para ter dereito á axuda, deberá ter executado o 80 por cento da superficie pola que cobrou o anticipo. En caso de non alcanzar a porcentaxe establecida,

reembolsará todo o anticipo que lle fose concedido máis os xuros legais correspondentes desde o momento do pagamento do anticipo, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais.

3. Unha vez executada a medida para a que se concedeu o anticipo, as comunidades autónomas determinarán a axuda definitiva a que ten dereito o viticultor, para o cal as superficies reestruturadas ou reconvertidas serán medidas seguindo o método recollido no artigo 75 do Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño. No caso de que o viticultor recibise un anticipo superior ao que ten dereito, reembolsará a diferenza entre o anticipo percibido e a axuda que lle corresponde, máis os xuros legais correspondentes contados desde o momento do pagamento do anticipo, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais.

Se a axuda a que ten dereito o viticultor é superior ao anticipo que lle foi concedido, terá dereito ao cobramento da diferenza, sen que en ningún caso a axuda total sexa superior á inicialmente solicitada.

4. O incumprimento da obrigaón de executar as operacións para as que se concedeu un anticipo será considerado como infracción leve segundo o previsto no artigo 38.1.g) da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño.

Artigo 34. *Pagamento da axuda aos beneficiarios.*

1. Despois da finalización de cada medida, o beneficiario deberá presentar unha solicitude ou comunicación para o pagamento da axuda ante o órgano competente da súa comunidade autónoma.

2. A dita solicitude ou comunicación deberá ir acompañada, ao menos, das facturas e xustificantes dos pagamentos que realice o beneficiario.

3. A axuda pagarase segundo o cálculo establecido no artigo 32 do presente real decreto e unha vez que se comprobe que a medida se executou e se axusta aos plans aprobados.

4. Se o viticultor non executa a reestruturación ou reconversión, ao menos, no 80 por cento da superficie para a que se aprobou a axuda no plan, non terá dereito a ela. Así mesmo, non se pagará polas operacións non realizadas. No caso de que un viticultor non execute as operacións para as que se aprobou a axuda, será considerado como infracción leve segundo o previsto no artigo 38.1.g) da Lei 24/2003, do 10 de xullo, e será sancionado de conformidade co establecido no artigo 42.1 da citada lei, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais.

5. A comunidade autónoma deberá emitir unha resolución de pagamento e realizar o pagamento ao beneficiario nun prazo máximo de seis meses desde a data da resolución de pagamento.

6. Non se poderán financiar con cargo ao programa de apoio 2014 a 2018 medidas de plans presentados no marco do Regulamento (CE) n.º 1493/1999 do Consello, do 17 de maio, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola.

Subsección 2.^a Replantación de viñas tras arrinca obrigatoria por motivos sanitarios ou fitosanitarios por orde da autoridade competente

Artigo 35. *Ámbito de aplicación.*

Poderase conceder apoio á replantación aos viticultores que fosen obrigados a arrincar unha superficie de viña por motivos sanitarios ou fitosanitarios por establecelo así a autoridade competente da comunidade autónoma a partir da publicación do presente real decreto sempre que na dita arrinca obrigatoria se cumprise co disposto na Directiva 2000/29/CE do Consello e coa Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

Artigo 36. *Requisitos da medida.*

1. Esta medida deberase executar antes do 1 de xuño da campaña seguinte a aquela en que se solicitou.

2. Será obrigatoria en todas as replantacións, salvo as localizadas na Comunidade Autónoma de Canarias, a utilización de portaenxertos certificados. Para percibir a axuda é necesaria a presentación da factura do viveirista ou comerciante autorizado e o xustificante de pagamento.

Artigo 37. *Presentación e requisitos das solicitudes.*

1. Os interesados que se queiran acoller a esta axuda deberán presentar a solicitude ante o órgano competente da comunidade autónoma en que estea situada a superficie arrincada de forma obrigatoria por motivos sanitarios ou fitosanitarios, directamente ou a través de calquera dos lugares previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, con anterioridade ao 1 de febreiro da campaña anterior a aquela en que se pretenda executar a replantación.

Así mesmo, admitirase a presentación electrónica das solicitudes conforme o previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño.

A solicitude deberá conter, ao menos, a seguinte información:

- a) Operacións que se van realizar.
- b) Superficie que se vai replantar, indicando a localización e características das parcelas, iniciais e finais (variedades, sistemas de formación, marco de plantación, etc.), con achega da identificación dos recintos Sixpac das parcelas.
- c) Documentación xustificativa de ter arrincado a dita superficie por obrigación da autoridade competente debido a motivos sanitarios ou fitosanitarios.
- d) Dereitos de replantación que se utilizarán.
- e) Estudo de custos.

2. A superficie máxima pola que se solicita a axuda non superará a superficie que foi arrincada de forma obrigatoria por motivos sanitarios ou fitosanitarios.

Artigo 38. *Tramitación de solicitudes e asignación de fondos.*

1. As comunidades autónomas tramitarán as solicitudes e requirirán ao solicitante, se for o caso, a presentación da documentación ou información que deba emendar, ou da adicional pertinente.

2. As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente antes do 1 de maio as necesidades de financiamento para a replantación por motivos sanitarios ou fitosanitarios para o seguinte exercicio de acordo co anexo XIII.

3. A Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural acordará a asignación financeira para o seguinte exercicio en función das necesidades comunicadas no parágrafo anterior. Na dita asignación terase en conta que o gasto total para replantación por motivos sanitarios ou fitosanitarios para un exercicio non poderá superar o 15% do gasto total para a medida de reestruturación e reconversión de viñas no mesmo exercicio. En caso de que as disponibilidades orzamentarias non alcancen a cubrir a totalidade das solicitudes, darase prioridade ás que proveñan de explotacións de titularidade compartida de acordo coa Lei 35/2011, do 4 de outubro.

4. Unha vez acordada a asignación financeira, as comunidades autónomas resolverán as solicitudes e notificaranas aos beneficiarios. O prazo máximo para a resolución e notificación será de seis meses desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

5. Transcorrido o dito prazo sen terse notificado aos interesados a resolución, estes poderán entender desestimada a súa solicitude, de acordo co disposto no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Artigo 39. Cálculo da axuda.

1. Poderase conceder axuda para participar nos custos da replantación, polas operacións de preparación do solo, planta e plantación, sistema de conducción, desinfección e protección individual de plantas contra coellos no momento da plantación, e non se poderán financiar operacións de forma illada a excepción da operación de planta e plantación.

En ningún caso será financiada a operación de arrinca nin se poderá conceder unha compensación por perda de ingresos.

2. A participación nos custos da replantación será o resultado de aplicar a porcentaxe fixada no artigo 46.6 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, aos importes máximos recollidos no anexo XII establecidos para as operacións subvencionables. O montante percibido en ningún caso poderá ser superior ao que resulte da aplicación das ditas porcentaxes sobre o gasto efectivamente realizado e acreditado mediante factura e xustificante de pagamento para todas aquelas operacións que non fosen executadas por medios propios.

No caso das operacións executadas por medios propios, para a determinación das cantidades auxiliáveis dos custos distintos da compra de material e dos que non se dispón de xustificante de pagamento, as comunidades autónomas estimarán de forma xustificada estas cantidades, axustándose ao establecido no artigo 8.2 do Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño.

3. Para determinar o importe da axuda a que ten dereito un beneficiario pola replantación por motivos sanitarios ou fitosanitarios, as comunidades autónomas realizarán unha medición da parcela reestruturada e, se for o caso, da parcela arrincada seguindo o método recollido no artigo 75 do Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño.

Artigo 40. Solicitude de pagamento e pagamento aos beneficiarios.

1. Despois da finalización da medida, o beneficiario deberá presentar unha solicitude ou comunicación para o pagamento da axuda ante o órgano competente da comunidade autónoma, con anterioridade ao 1 de xuño da campaña en que se executou a replantación.

2. A dita solicitude ou comunicación deberá ir acompañada, ao menos, das facturas e xustificantes dos pagamentos que realice o beneficiario.

3. A axuda pagarase segundo o cálculo establecido no artigo 38 do presente real decreto, unha vez que se comprobe que se executou a medida e que se axusta á solicitude aprobada.

4. Se o viticultor non executa a medida en, ao menos, o 80 por cento da superficie para a que se aprobou a axuda, non terá dereito a ela. Así mesmo, non se pagará polas operacións non realizadas. No caso de que un viticultor non execute as operacións para as que se aprobou a axuda, será considerado como infracción leve segundo o previsto no artigo 38.1.g) da Lei 24/2003, do 10 de xullo, e será sancionado de conformidade co establecido no artigo 42.1 da citada lei, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais.

5. Salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais segundo se recolle no segundo punto do artigo 2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, nos casos de expropiación, as superficies acollidas a replantación por motivos sanitarios ou fitosanitarios de acordo co presente real decreto deberán permanecer en cultivo un período mínimo de dez campañas contado desde a campaña seguinte a aquela en que se solicitou o pagamento. O seu incumprimento obrigará o beneficiario da axuda á devolución da axuda percibida máis os xuros legais correspondentes.

6. A comunidade autónoma deberá emitir unha resolución de pagamento e realizar o pagamento ao beneficiario nun prazo máximo de seis meses desde a data da resolución de pagamento. En ningún caso o pagamento da axuda se estenderá máis aló do exercicio financeiro 2018.

Subsección 3.^a Disposicións comúns á reestruturación e reconversión de viñasArtigo 41. *Condiciónaldade.*

Se se constata que un beneficiario, en calquera momento durante un período de tres anos a partir do 1 de xaneiro do ano natural en que se producise o primeiro pagamento en virtude da presente sección, non presentou na súa explotación os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais a que se refiren os artigos 91, 92, 93, 94 e 95 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, o importe da axuda, en caso de que o incumprimento se deba a unha acción ou omisión atribuíble directamente ao beneficiario, reducirase ou cancelarse, parcial ou totalmente, dependendo da gravidade, alcance, persistencia e repetición do incumprimento, e o beneficiario deberá reintegrala se procede, conforme o establecido nas citadas disposicións. Para efectos deste control de condicionalidade, as comunidades autónomas deberán dispor de información actualizada sobre as referencias alfanuméricas Sixpac de todas as parcelas que forman parte da explotación do beneficiario.

Artigo 42. *Comunicacións.*

1. As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente antes do 15 de novembro de cada ano, e referido ao exercicio financeiro precedente, un informe anual dos controis que se efectuaron sobre o terreo en materia de reestruturación e reconversión de viñas e que conteña, ao menos, a información indicada no anexo XIV.

2. As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente antes do 15 de novembro de cada ano, e referido ao exercicio financeiro precedente, un informe anual sobre a aplicación do réxime de reestruturación e reconversión de viñas, incluído, se for o caso, un informe da replantación tras arrinca obrigatoria por motivos sanitarios ou fitosanitarios.

3. As comunidades autónomas comunicarán, en caso de aplicar a medida de replantación por motivos sanitarios ou fitosanitarios, ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente antes do 1 de maio de cada ano a lista de organismos nocivos que estean cubertos por esa medida, así como un resumo do plan estratéxico que estableceu para actuar contra estes.

4. As comunidades autónomas facilitarán anualmente ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente información sobre os custos das operacións executadas polas que se pagou a axuda, sobre a base dunha mostra de xustificantes de pagamento, co fin de revisar e, se for o caso, actualizar os importes fixados no anexo XII.

Sección 3.^a *Eliminación de subprodutos*Artigo 43. *Ámbito de aplicación.*

1. Os produtores estarán obrigados á eliminación dos subprodutos obtidos na transformación. Non obstante, os produtores que, na campaña vitícola de que se trate, non produzan máis de 25 hectolitros de viño ou mosto nas súas instalacións, non estarán obrigados a retirar os subprodutos.

2. Poderase cumprir parcial ou totalmente coa obrigación de eliminar os subprodutos de vinificación ou de calquera outra transformación de uvas mediante a entrega dos subprodutos para a destilación a un destilador autorizado ou realizando unha retirada baixo control tal e como se establece no artigo 51. Sen prexuízo do número 1, a comunidade autónoma poderá establecer a obrigatoriedade de eliminar a totalidade dos subprodutos producidos na súa rexión, mediante a destilación.

Artigo 44. *Requisitos dos subprodutos eliminados.*

1. O volume mínimo de alcohol contido nos subprodutos eliminados deberá ser:

a) O 10 por cento do volume de alcohol contido no viño producido obtido por vinificación directa da uva. As comunidades autónomas poderán reducir a porcentaxe do volume de alcohol contido nos subprodutos ao 7 por cento para os viños brancos con denominación de orixe protexida do seu ámbito territorial, sempre que se xustifique polo sistema de elaboración a imposibilidade de chegar ao 10 por cento e que o seu rendemento en viño non supere os límites establecidos polo consello regulador correspondente.

b) O 5 por cento do volume de alcohol contido no produto elaborado, para os elaboradores de viño a partir de mosto ou de viño novo en proceso de transformación.

2. De non alcanzarse as porcentaxes fixadas no número 1, os produtores que procedesen á vinificación deberán entregar unha cantidade de viño da súa propia produción para chegar ás citadas porcentaxes.

3. Para determinar o volume de alcohol que deben ter os subprodutos en relación co do viño producido, aplicaranse os seguintes graos alcohólicos volumétricos naturais do viño nas diferentes zonas vitícolas, tal e como se establecen no Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño:

- a) 9,0 por cento para a zona CI.
- b) 9,5 por cento para a zona CII.
- c) 10 por cento para a zona CIII.

4. O contido mínimo de alcohol puro dos subprodutos da vinificación que vaian eliminar deberá ser o seguinte:

- a) Bagazos de uva: 2,8 litros de alcohol puro por cada 100 quilogramos.
- b) Lías de viño: 4 litros de alcohol puro por cada 100 quilogramos.

5. As entregas dos subprodutos deberanse realizar:

- a) A un destilador autorizado no caso do bagazo e as lías.
- b) Entregando viño a un destilador autorizado ou a un fabricante de vinagre, segundo o número 2 do artigo 23 do Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño. No caso de produtores que entreguen viño a unha fábrica de vinagre, a cantidade de alcohol contida nos viños entregados deducirase da cantidade de alcohol que se deba entregar para cumprir coa obrigaón establecida.

Artigo 45. *Autorización de destiladores.*

1. Os destiladores deberán estar autorizados polo órgano competente da comunidade autónoma en cuxo territorio estean radicadas as instalacións de destilación, para actuar no marco do artigo 51 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

2. As autorizacións terán validez en canto non se retiren expresamente ou renuncie a elas o destilador. Non obstante o anterior, os destiladores deberán comunicar á autoridade competente, antes do inicio de cada campaña vitícola, a súa intención de prorrogar ou suspender a súa colaboración na campaña, así como declarar que cumpriron satisfactoriamente os requisitos establecidos na normativa da Unión Europea durante a campaña anterior.

En caso de solicitar esta prórroga, a autoridade competente confirmará a autorización, se procede, e comunicará esta circunstancia aos interesados.

3. O destilador que sufra algunha variación en relación coas condicións en virtude das cales se lle concedeu a autorización deberá comunicalo de forma inmediata á autoridade competente.

4. As comunidades autónomas remitirán ao Fondo Español de Garantía Agraria antes do 1 de setembro de cada campaña a relación dos destiladores autorizados que colaboran con este réxime de axuda, con indicación do enderezo onde se localicen as súas instalacións.

Artigo 46. Prazo de entrega á destilación.

A data límite de entrega dos subprodutos a un destilador autorizado será o 15 de xuño de cada campaña.

Artigo 47. Axuda á destilación de subprodutos.

1. Concederáse unha axuda aos destiladores autorizados que transformen os subprodutos obtidos en territorio nacional, entregados para a súa destilación en alcohol bruto cun grao alcohólico mínimo do 92 por cento vol.

2. As operacións de destilación deberanse finalizar como máis tardar o 15 de xullo da campaña vitícola de que se trate.

3. O importe da axuda que se pagará aos destiladores autorizados pola destilación dos subprodutos é o seguinte:

- a) 1,100 €/por cento vol./hl para alcohol bruto obtido a partir de bagazo; e
- b) 0,500 €/por cento vol./hl para alcohol bruto obtido a partir de viño e lías.

4. Como compensación aos gastos de transporte e recollida dos subprodutos, o destilador pagará ao produtor os seguintes importes cando este último demostre que soportou os ditos gastos:

- a) 0,571 €/por cento vol./hl polo bagazo entregado.
- b) 0,400 €/por cento vol./hl polo viño e lías entregados.

5. O alcohol obtido da destilación de subprodutos polo que se concedese unha axuda utilizaráse exclusivamente con fins industriais ou enerxéticos co fin de evitar distorsións da libre competencia.

Artigo 48. Solicitudes de axuda.

1. A solicitude de axuda deberáse presentar entre o 16 de outubro e o 20 de xullo de cada campaña polo alcohol obtido durante a campaña, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde radiquen as instalacións de destilación, directamente ou a través de calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Así mesmo, admitirase a presentación electrónica das solicitudes conforme o previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño.

2. As solicitudes presentaranse conforme un modelo que conteña, ao menos, os datos que figuran no anexo XV e acompañadas, ao menos, da seguinte documentación:

- a) Proba de destilación dos subprodutos.
- b) Relación das entregas de materias primas efectuadas polos produtores que deron orixe ao alcohol obtido.
- c) Proba do pagamento por parte do destilador ao produtor dos gastos de transporte, ou a renuncia deste a efectualo.
- d) Se for o caso, a xustificación do destino do alcohol obtido de acordo co indicado no artigo 50.

Se tras a verificación dos datos contidos na solicitude se comproba a existencia de datos falsos que en ningún caso se poidan considerar erros ou defectos emendables, a solicitude non se considerará admisible para recibir ningunha axuda por esta medida, isto

sen prexuízo da instrución do procedemento infracción segundo o previsto no artigo 39.1.d) da Lei 24/2003, do 10 de xullo.

Artigo 49. *Pagamento da axuda ao destilador.*

1. Non se aboará ningunha axuda polo volume de alcohol contido nos subprodutos que supere o 10 por cento da riqueza alcohólica do viño producido no ámbito nacional.

2. O destilador autorizado poderá recibir un anticipo do 60 por cento da axuda polos volumes solicitados, sempre que xustifique:

a) Que efectuou o pagamento, ao menos, da porcentaxe equivalente dos importes establecidos en concepto de transporte ao produtor, cando este o efectuou, ou presente a renuncia deste a efectualo.

b) Que o alcohol obtido da destilación polo que se solicita a axuda foi destinado a fins enerxéticos ou industriais, ou que este foi desnaturalizado, tal e como establece o artigo 50.

Non obstante, en caso de non dispor dos xustificantes indicados, exixirase a presentación dunha garantía igual ao importe do anticipo incrementado un 20 por cento.

Nos casos en que se aboase un anticipo con garantía, esta liberarase cando se dispoña dos xustificantes indicados anteriormente.

3. En cada campaña, e unha vez que se coñezan as cantidades efectivamente entregadas á destilación polas que se solicita a axuda e a cantidade de viño producido, contrastarase o volume do alcohol polo que se solicita axuda contido nos produtos entregados coa riqueza alcohólica do viño producido no ámbito nacional.

4. Cando a cantidade de alcohol pola que se solicite axuda nunha campaña determinada supere o 10 por cento da riqueza alcohólica citada no parágrafo anterior, reducirase a axuda en función da porcentaxe de exceso. O Fondo Español de Garantía Agraria fixará a porcentaxe de redución, de forma que se garanta que o gasto orzamentario non exceda o que se alcanzaría de non superarse a cantidade máxima con dereito a axuda.

5. Unha vez establecida a contía definitiva da axuda, a autoridade competente procederá ao pagamento da axuda correspondente ou do saldo no caso de terse aboado un anticipo, en calquera caso antes do 16 de outubro da campaña seguinte.

6. Antes de efectuarse o dito pagamento deberase comprobar que o destilador autorizado realizou, se foi o caso, o aboamento ao produtor da totalidade do gasto de transporte que lle corresponda, reducida, se corresponde, en idéntica proporción á minoración global da axuda establecida no número 4.

En caso de non xustificar o dito aboamento, o destilador autorizado deberá devolver as cantidades anticipadas xunto cos xuros correspondentes ou executarase a garantía presentada pola dita contía.

7. Se no momento do pagamento do saldo da axuda o destilador non presentou o xustificante do destino do alcohol, deberase ampliar a garantía polo importe pendente de pagamento incrementado nun 20 por cento.

8. En caso de non presentación da dita ampliación de garantía, o destilador autorizado deberá devolver as cantidades anticipadas xunto cos xuros correspondentes ou executarase a garantía presentada pola dita contía.

9. En calquera caso, o destilador autorizado deberá enviar os xustificantes do destino do alcohol obtido á autoridade competente antes do 31 de xaneiro da campaña seguinte; en caso contrario, o destilador autorizado deberá reintegrar as cantidades recibidas xunto cos xuros correspondentes ás partidas cuxo destino non se xustificase ou executarase a garantía presentada pola dita contía. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente poderá ampliar a data indicada cando a situación do mercado o exixa.

10. Non obstante o anterior, para efectos de cálculo do alcohol que debe chegar a destino, deberanse ter en conta as porcentaxes de perda de acordo co indicado no artigo 50.

Artigo 50. *Xustificación do destino do alcohol obtido.*

1. O alcohol que resulte da destilación a que se concedeu axuda deberase utilizar unicamente con fins industriais ou enerxéticos para evitar distorsións á libre competencia.

O destilador autorizado deberá presentar como xustificante deste destino ante a autoridade competente, no prazo máximo de dez días hábiles desde que finalice a saída de cada lote, un certificado de saídas diarias do alcohol, mencionando, ao menos, a cantidade e o grao volumétrico do alcohol que saíu e a identificación do produtor, así como unha copia do documento administrativo electrónico previsto no artigo 29.B) do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, co selo do destinatario aceptando o produto e o compromiso escrito do destinatario de utilizar o dito alcohol exclusivamente con estes fins.

2. Na xustificación do destino do alcohol que resulte da destilación a que se concedeu axuda admitiranse as seguintes porcentaxes de perda, incluídas nas letras e) e g) do artigo 90.1 e letras d) e e) do artigo 90.2 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado mediante o Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo:

a) 0,50 por cento das cantidades de alcohol almacenadas por trimestre de almacenamento como perda de alcohol debida á evaporación.

b) 0,50 por cento das cantidades de alcohol retiradas dos almacéns como perda de alcohol debida a un ou varios transportes terrestres.

3. Poderase considerar que o alcohol obtido tivo un uso industrial ou enerxético se foi desnaturalizado, de acordo co establecido no Regulamento dos impostos especiais, aprobado mediante o Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, cun produto que impida a súa utilización para usos distintos ao industrial ou enerxético.

En calquera caso, a autoridade competente deberá obter do destilador autorizado información sobre o destino final deste alcohol desnaturalizado.

Artigo 51. *Retiradas baixo control.*

1. Poderase utilizar un procedemento de retirada controlada para a eliminación de subprodutos cando se comunicase á autoridade competente que se vai optar por este sistema de eliminación, mediante a presentación dun proxecto detallado.

O citado proxecto deberá conter a referencia ao tipo de produto e unha descrición detallada do procedemento proposto para a retirada. Así mesmo, deberase achegar, cando a comunidade autónoma o considere necesario, a conformidade da autoridade ambiental sobre a procedencia da dita retirada.

A operación de retirada controlada debe ser autorizada por parte da autoridade competente, que establecerá as condicións de realización desta, e que se deberá notificar ao produtor.

2. A retirada das lías, en caso de non se enviaren a destilación, poderase considerar efectuada cando estas se desnaturalizasen de forma que imposibilite a súa utilización no proceso de vinificación e a súa entrega a terceiros se consignase nos rexistros correspondentes.

3. O contido mínimo de alcohol puro dos subprodutos que se retiren será o indicado no artigo 44.4.

4. Esta autorización non exime das obrigacións fiscais previstas na normativa dos impostos especiais cando os produtos para os que se autoriza a retirada controlada están suxeitos ás ditas obrigacións.

Artigo 52. *Sancións.*

O incumprimento da entrega dos subprodutos á destilación ou da realización, no seu defecto, da retirada baixo control será considerada unha infracción leve segundo o disposto nas letras j) e k) do artigo 38 da Lei 24/2003, do 10 de xullo.

*Sección 4.ª Inversións**Artigo 53. Ámbito de aplicación.*

Co obxecto de mellorar o rendemento global das empresas do sector vitivinícola e a súa adaptación ás demandas do mercado, así como a aumentar a súa competitividade, concederáse apoio financeiro aos investimentos tanxibles ou intanxibles en instalacións de transformación e infraestrutura vinícola, así como estruturas e instrumentos de comercialización, mesmo co fin de mellorar o aforro de enerxía, a eficiencia enerxética global e os procesos sustentables.

Os ditos investimentos referiránse á produción, comercialización ou a ambas dos produtos vitivinícolas mencionados no anexo VII, parte II, do Regulamento (UE) 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, e que se producisen en territorio español.

Artigo 54. Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarias da medida de inversións as empresas que realicen actividades de transformación ou comercialización de produtos vitivinícolas ou ben ambas as actividades simultaneamente.

A empresa deberá ter iniciado o desenvolvemento de tales actividades con anterioridade á data de presentación da solicitude de axuda ou iniciala coa execución do proxecto de investimento motivo da solicitude de axuda.

Non obstante, cando se trate de solicitantes cuxa actividade sexa, ou pretenda ser, unicamente a comercialización de produtos vitivinícolas, deberán satisfacer, segundo corresponda, os seguintes requisitos:

a) Se se trata dunha empresa xa en actividade, ao menos, un 80 por cento da súa facturación do último exercicio cerrado deberá proceder da comercialización de produtos vitivinícolas.

b) Se se trata dunha empresa cuxa actividade se iniciou coa execución do proxecto de investimento motivo da solicitude de axuda, deberase comprometer a que, ao menos, o 80 por cento da súa facturación anual durante o período de durabilidade dos investimentos proceda da comercialización dos produtos vitivinícolas.

En todo caso, o beneficiario da axuda deberá ser o responsable final do financiamento do proxecto, de tal maneira que o gasto do investimento se deberá soportar na súa contabilidade.

2. O tipo máximo de axuda a que se refire o artigo 62.1 do presente real decreto aplicarase:

a) ás microempresas e pequenas e medianas empresas, segundo se definen na Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003;

b) a todas as empresas no caso da Comunidade Autónoma de Canarias.

O tipo máximo de axuda a que se refire o artigo 62.1 reducirase ao 50% para as empresas que non están cubertas polo título I, artigo 2, número 1, da Recomendación 2003/361/CE con menos de 750 empregados ou cuxo volume de negocios sexa inferior a 200 millóns de euros.

O tipo máximo de axuda a que se refire o artigo 62.1 reducirase ao 25% para as empresas que non están cubertas polo título I, artigo 2, número 1, da Recomendación 2003/361/CE con 750 ou máis empregados e cuxo volume de negocios sexa igual ou superior a 200 millóns de euros.

3. Para determinar o número de empregados e o volume de negocios dos solicitantes que non sexan microempresas ou pequenas e medianas empresas, utilizaranse os mesmos criterios de cálculo establecidos para estas na Recomendación 2003/361/CE, da Comisión.

4. A empresa deberá demostrar viabilidade económica.

Con independencia do anterior, non poderán ser beneficiarias desta axuda aquelas empresas en que conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Cando a empresa solicitante se encuentre en situación de crise, segundo se define nas directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise, de acordo coas directrices sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas non financeiras en crise (Comunicación 2014/C 249/01 da Comisión, do 31 de xullo de 2014).

b) Cando a empresa solicitante se encuentre en proceso de ter solicitado a declaración de concurso voluntario, ter sido declarada insolvente en calquera procedemento, estar declarada en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeita a intervención xudicial ou ter sido inhabilitada conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Cando non se acredite que a empresa solicitante se encontra ao día das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como das súas obrigacións por reintegro de subvencións.

Artigo 55. *Durabilidade.*

Os beneficiarios deberán manter o investimento segundo o previsto no artigo 50.5 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

Así mesmo, a durabilidade será exigible aos adquirentes, nos supostos de transmisión da actividade produtiva e das infraestruturas ligadas a ela obxecto da axuda e deberase acreditar fidedignamente ante a autoridade competente que esta circunstancia é coñecida e aceptada polos adquirentes. En caso contrario, calquera suposto de reintegro sería exigible sobre o beneficiario orixinal da axuda.

Artigo 56. *Actuacións, operacións e gastos subvencionables.*

1. Serán admisibles as actuacións relativas a investimentos tanxibles ou intanxibles que se describen no anexo XVI.

2. Consideraranse gastos subvencionables os recollidos no artigo 17 do Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño de 2008, nas súas letras a) e b), e até un 8% dos gastos xerais ligados ás ditas letras que se recollen na letra c). Non son subvencionables as partidas xerais a tanto global ou por imprevistos.

3. Non terán a consideración de subvencionables os gastos descritos no anexo XVII.

4. Os gastos susceptibles de auxilio presentados cunha solicitude de axuda deberán cumprir os seguintes criterios de moderación de custos:

a) Con carácter xeral, o solicitante de axuda deberá achegar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a obra, a prestación de servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, sempre que se dea algunha das seguintes circunstancias:

1.^a No caso de gastos de obra civil, cando o importe do gasto subvencionable, excluído o IVE, iguale ou supere os 50.000 euros.

2.^a Nos casos de gastos de compra de maquinaria, instalacións, subministracións e servizos, cando o importe do gasto subvencionable, excluído o IVE, iguale ou supere os 18.000 euros.

A elección entre as ofertas presentadas, que tamén se deberá achegar xunto coa solicitude de pagamento, realizarase conforme criterios de eficacia e economía, e débese xustificar expresamente a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

b) Con independencia do anterior, os gastos afectados polo disposto no anexo XVI.2 non poderán superar as contías máximas admisibles alí consideradas, de maneira que se nun proxecto de investimento se superan tales máximos, o exceso será considerado gasto non subvencionable.

Nos casos de modificación do investimento auxiliado aprobado nunha concesión de subvención, deberase garantir que calquera novo gasto cumpre o previsto pola letra a), así como que non son superados os límites sinalados na letra b), e débese gardar constancia de tales comprobacións na tramitación das correspondentes solicitudes de pagamento.

Adicionalmente aos anteriores, as comunidades autónomas poderán establecer máis requisitos que redunden nunha maior garantía de moderación de custos.

Artigo 57. *Características dos proxectos.*

1. Os proxectos de investimento estarán claramente definidos especificando as actuacións/operacións e detallando os conceptos de gasto que compoñen cada operación e os custos estimados de cada unha delas, respectando a moderación de custos tal como establece o artigo 77 do Regulamento (CE) n.º 555/2008 e, no caso de investimentos en comercialización que se realicen noutros países da UE, diferentes a España, deberase indicar a localización exacta deste.

2. Os proxectos de investimento poderán ser anuais ou plurianuais, de maneira que unha mesma resolución de concesión de subvención poderá recoller operacións que se deben xustificar ante a Administración competente en exercicios Feaga distintos, coas seguintes limitacións:

a) Respecto ás operacións aprobadas para un exercicio Feaga determinado, a súa xustificación por parte do beneficiario ante a Administración competente deberase realizar antes do 30 de abril dese exercicio Feaga, ben que a autoridade competente da comunidade autónoma poderá prever outros prazos máis restritivos.

b) En todo caso, o pagamento das axudas aquí reguladas deberase realizar antes da finalización do exercicio Feaga 2018.

O incumprimento destes prazos por razóns imputables ao beneficiario poderá motivar que a súa concesión de axuda se deixe sen efecto.

3. Os investimentos non poderán comezar antes da presentación da solicitude de axuda, salvo os gastos sinalados no anexo XVII, 5, a) e b), que poderán ser tidos en consideración a partir dos doce meses previos á data de solicitude.

O inicio das operacións do proxecto de investimento previamente á resolución non implica compromiso ningún por parte da Administración sobre a concesión da axuda.

Artigo 58. *Presentación de solicitudes.*

1. Os interesados que reúnan as condicións exixidas presentarán a súa solicitude dirixida ao órgano competente da comunidade autónoma en que se encontre localizado o establecemento en que se vaia realizar o investimento.

Non obstante, nos casos de proxectos de comercialización noutro Estado membro, as solicitudes deberanse dirixir ao órgano competente da comunidade autónoma en que se encontre situado o domicilio fiscal do solicitante.

As solicitudes presentaranse directamente ou a través de calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, antes do 1 de febreiro de cada ano. Así mesmo, admitirase a presentación electrónica das solicitudes conforme o previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño.

Non obstante, as comunidades autónomas poderán dispor, para as solicitudes do seu ámbito de competencia resolutorio, que tanto a presentación desas solicitudes como as notificacións que delas deriven se realicen, exclusiva ou parcialmente, mediante procedementos electrónicos.

O expediente deberá incluír todos os datos do proxecto de investimento. Tanto o modelo de solicitude como a documentación correspondente poderán ser establecidos pola comunidade autónoma.

Así mesmo, a solicitude poderá incluír a petición correspondente de certificación do non inicio do investimento no momento da súa presentación.

2. Os proxectos de investimento deberán, en todo caso, cumprir o disposto neste real decreto e na normativa da Unión Europea relativa á medida de investimentos, así como a demais lexislación aplicable e conter, ao menos, a seguinte información que permita a súa valoración en concorrencia competitiva: información xeral da empresa, información económica, financeira e social, información comercial e información técnica.

Na páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente publicárase, a título informativo, un modelo de formulario que permite desenvolver a información solicitada, sen prexuízo dos formularios que cada comunidade autónoma considere oportuno utilizar co mesmo fin, no ámbito das súas competencias.

3. Os proxectos presentados deberán estar o suficientemente desenvolvidos como para que se poida avaliar a súa conformidade coa normativa e a súa viabilidade técnica e económica, de acordo cos criterios establecidos no anexo XVIII.

Artigo 59. *Tramitación das solicitudes.*

1. As comunidades autónomas examinarán as solicitudes en canto á súa conformidade con este real decreto e requirirán ao solicitante, se for o caso, a presentación da documentación ou información que se deba emendar, ou da adicional pertinente.

2. De acordo cos criterios de valoración establecidos no anexo XVIII, as comunidades autónomas elaborarán unha lista provisional cos proxectos de investimento seleccionados priorizados e remitirana ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente antes do 1 de maio, en formato electrónico, de conformidade co anexo XIX do presente real decreto. A esta xuntaráse a documentación recollida no mencionado anexo XIX.

3. A partir das listas provisionais dos proxectos de investimento seleccionados polas comunidades autónomas, a Dirección Xeral da Industria Alimentaria elaborará a proposta de lista definitiva e someteraa ao informe vinculante da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, tendo en conta a dotación orzamentaria dispoñible para o exercicio Feaga e a reserva de fondos necesaria para os exercicios seguintes.

4. Non se incluírán na proposta de lista definitiva aqueles proxectos de investimento que na fase de valoración non alcancen un mínimo de 13 puntos.

5. Para a resolución das situacións de empate de puntuación que se poida presentar na confección da lista definitiva sinalada no punto anterior, teranse en conta os seguintes criterios de prioridade, na orde que se indica:

1.º En primeiro termo, serán prioritarios aqueles proxectos de investimento cuxo solicitante sexa unha entidade acoñecida á Orde APA/180/2008, do 22 de xaneiro, ou unha entidade asociativa prioritaria recoñecida de acordo co Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolven os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das entidades asociativas prioritarias e para a súa inscrición e baixa no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, previsto na Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario.

2.º Se aínda persiste a situación de empate, serán prioritarios aqueles proxectos de investimento cuxo solicitante sexa unha cooperativa.

3.º Se aínda persiste a situación de empate, serán prioritarios aqueles proxectos de investimento cuxo solicitante sexa unha peme.

Artigo 60. Resolución.

1. Unha vez que a Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural emita informe sobre a lista definitiva dos proxectos de investimento seleccionados, as comunidades autónomas ditarán as resolucións correspondentes e notificarano aos beneficiarios. O prazo máximo para a resolución e notificación do procedemento será de seis meses contados a partir do día seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes.

A comunidade autónoma emitirá as correspondentes resolucións denegatorias motivadas para aqueles casos en que se desestime a solicitude de axuda e os recursos que, se for o caso, procedan. Transcorrido o prazo de seis meses sen terse notificado aos interesados a resolución, estes poderán entender desestimada a súa solicitude de acordo co disposto no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Nas resolucións indicaranse o importe dos investimentos considerados subvencionables, a axuda concedida e o calendario de execución aprobado.

2. No caso de resolución positiva, nos dous meses seguintes á notificación da resolución de concesión, o beneficiario deberá achegar a seguinte documentación ante o órgano competente da comunidade autónoma correspondente:

- a) Unha aceptación expresa dos termos da concesión de subvención.
- b) Un documento acreditativo do depósito, ante o órgano competente da comunidade autónoma, dunha garantía de boa execución, de acordo coas condicións previstas no Regulamento de execución (UE) n.º 908/2014 da Comisión, do 6 de agosto de 2014, por un importe do 15 por cento do montante do financiamento comunitario, co fin de asegurar a correcta execución do proxecto.

3. A obrigaición, conforme o artigo 23 do Regulamento delegado (UE) n.º 907/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, será alcanzar o obxectivo final do proxecto de investimento, cun cumprimento de, ao menos, o 70 por cento do orzamento inicial total aprobado por resolución do órgano competente, e sempre que os investimentos realizados sexan operativos.

4. A comunidade autónoma deberá comunicar ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente antes do 1 de decembro de cada ano as aceptacións, renuncias ou desistencias que se producisen dentro do procedemento, para o efecto de poder dispor dos fondos que se liberen, se for o caso.

Artigo 61. Modificación dos proxectos de investimento.

1. O beneficiario poderá solicitar a modificación das operacións previstas nun proxecto de investimento antes do 1 de febreiro do exercicio Feaga aprobado en resolución.

2. Calquera modificación do proxecto de investimento aprobado que supoña un cambio de beneficiario, prazos, variación das operacións previstas ou calendario de execución, así como de calquera condición específica indicada na resolución de concesión, requirirá a autorización previa do órgano competente da comunidade autónoma tras a presentación da correspondente solicitude.

En todo caso, para a súa admisibilidade teranse en conta as condicións e limitacións sinaladas a continuación:

- a) Non se admitirán modificacións que alteren o obxectivo final do proxecto.
- b) Non se admitirán nin aprobarán modificacións que supoñan un cambio de beneficiario, salvo que o novo sexa resultante dun proceso de fusión ou unha transformación do tipo de sociedade, non se alteren as condicións tidas en conta para a concesión da axuda e se exixa ao novo beneficiario a durabilidade prevista no artigo 55.
- c) Non se admitirán modificacións que supoñan a non execución nas condicións establecidas como mínimo do 70% do investimento subvencionable inicialmente aprobado.

d) As modificacións que impliquen un traslado de pagamentos dun exercicio Feaga a outro poderán ser autorizadas polas comunidades autónomas. Cando a aprobación dunha modificación vaia supor un incremento do importe aprobado para a comunidade autónoma nun ou máis exercicios Feaga, deberase solicitar á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, que elaborará unha proposta e a someterá a informe vinculante da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural tendo en conta a dotación orzamentaria dispoñible.

3. Independentemente do citado neste artigo, o órgano competente da comunidade autónoma poderá excepcionalmente aprobar modificacións da resolución de concesión que non se axusten ás condicións indicadas nos números anteriores, nos casos de forza maior ou circunstancias excepcionais na acepción do artigo 31 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009.

4. As modificacións que supoñan un incremento dos orzamentos aprobados para os proxectos de investimento non suporán incremento da subvención concedida.

5. As modificacións que supoñan unha diminución dos orzamentos aprobados suporán a redución proporcional da subvención concedida coas consecuencias seguintes:

a) O beneficiario mantén a súa obrigaición de depósito de garantía de boa execución en razón dos importes calculados sobre a concesión de subvención inicial.

b) Se a concesión de subvención foi obxecto dun pagamento derivado dun anticipo de subvención, o órgano xestor da comunidade autónoma correspondente deberá, se for o caso, iniciar o procedemento de reintegro, salvo que o beneficiario presentase xa unha solicitude de pagamento válida que equivalla a un importe de axuda igual, ou superior, ao importe de subvención anticipado.

6. Se, froito dunha modificación, se producen alteracións que afectan a puntuación outorgada de acordo co procedemento descrito no artigo 59.2, o órgano competente da comunidade autónoma deberá proceder a reavaliar a solicitude, determinando a cifra da súa nova puntuación.

A nova valoración así outorgada como consecuencia da revisión deberá ser comparada coa lista definitiva de proxectos de investimento seleccionados co informe da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural en que se incluíu a súa concesión de subvención orixinal.

Para garantir que os termos económicos da concesión de subvención non superan os que nesa lista corresponderían coa súa nova puntuación, a concesión de subvención poderá ser minorada e pode chegar a ser deixada sen efecto na súa totalidade.

7. As comunidades autónomas comunicarán as modificacións suxeitas a autorización que se produciron ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente antes do 1 de abril do exercicio Feaga correspondente.

Artigo 62. *Financiamento.*

1. Aplicaranse á contribución da Unión Europea os tipos máximos de axuda previstos no artigo 50.4 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

2. Para os investimentos noutros países da Unión Europea terase en conta a súa localización para determinar a porcentaxe de axuda.

Artigo 63. *Anticipos.*

1. O beneficiario poderá presentar ao organismo competente da comunidade autónoma unha solicitude de anticipo que poderá alcanzar a contía establecida no artigo 19.2 do Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño.

2. O pagamento dun anticipo supeditarase á constitución dunha garantía bancaria ou unha garantía equivalente a favor do órgano competente da comunidade autónoma por un importe igual ao 110 por cento do dito anticipo, de conformidade coas condicións

previstas no Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño de 2008, e no Regulamento de execución (UE) n.º 908/2014 da Comisión, do 6 de agosto de 2014.

3. Para estimar unha solicitude de anticipo será requisito indispensable que o beneficiario da concesión de subvención obxecto da petición aceptase a dita concesión e depositase a garantía de boa execución nos termos previstos neste real decreto. O prazo para presentar a correspondente solicitude de anticipo será dun mes contado desde a data seguinte a aquela en que quede acreditada a execución deses dous requisitos.

Ademais, será requisito para o pagamento do anticipo acreditar que a empresa solicitante se encontra ao día das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como das súas obrigacións por reintegro de subvencións.

4. De acordo co previsto no artigo 19.2 do Regulamento 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño, os beneficiarios deberán xustificar o gasto do importe total do anticipo na execución da operación ou o proxecto dous anos despois do seu pagamento.

5. As comunidades autónomas comunicarán ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente antes do 1 de decembro a lista cos proxectos que solicitaron anticipo e a súa contía.

6. Para o pagamento do saldo da axuda descontarase, se for o caso, o anticipo percibido.

Artigo 64. *Pagamentos.*

1. Poderanse solicitar pagamentos por operacións, que terán a consideración de pagamentos parciais e deberán cumprir os mesmos requisitos que o pagamento final.

2. A solicitude de pagamento final irá acompañada, ao menos, da seguinte documentación:

a) Memoria de execución valorada, coa relación de gastos, facturas e xustificantes de pagamento. Ademais, a memoria de execución incluírá a relación das diferenzas existente entre os traballos previstos e os realizados e, se for o caso, a xustificación das causas excepcionais ou de forza maior.

b) Declaración do beneficiario sobre a non solicitude ou percepción de ningunha outra axuda para o mesmo investimento nin se encontra inmerso nun proceso de reintegro de subvencións.

c) Declaración responsable relativa á conta bancaria en que solicita o ingreso da subvención, cando esta conta non sexa coincidente coa conta única.

d) No caso de adquisición de edificacións deberase achegar, ademais, un certificado dun taxador independente debidamente acreditado, ou dun órgano ou organismo público debidamente autorizado, en que se acredite que o prezo de compra non excede o valor de mercado, desagregando o valor do solo a prezos de mercado.

e) Facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, respecto do gasto, e acreditación dos pagamentos.

f) Extracto bancario da conta única a través da que se realizaron os pagamentos.

g) Calquera outra documentación exixida por normativa de obrigado cumprimento, así como a indicada na resolución de concesión con obxecto de acreditar algunha das circunstancias ou requisitos necesarios para conceder a axuda.

3. Todos os pagamentos do proxecto de investimento que realice o solicitante a partir da data de presentación de solicitude de axuda deberanse realizar a través dunha conta bancaria única dedicada en exclusiva a este fin, excepto os gastos sinalados segundo o previsto no anexo XVII.1, número 5, letras a) e b), caso en que deberá existir constancia documental que sirva de pista de auditoría suficiente para permitir o seu control.

4. O pagamento da axuda estará supeditado á presentación das contas xustificativas do investimento, verificadas por un auditor de contas ou sociedade de auditoría inscritos no Rexistro Oficial de Auditores de Contas ou, no seu defecto, á verificación por parte da

comunidade autónoma das facturas e documentos mencionados anteriormente. Esta comprobación incluírá, como mínimo, unha inspección *in situ* para cada expediente de axuda.

5. O beneficiario terá dereito á axuda unha vez que se confirmase que se realizaron e comprobaron sobre o terreo unha ou varias das operacións previstas na solicitude aprobada, excepto nos casos de forza maior ou circunstancias excepcionais na acepción do artigo 2.2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

6. Se se comproba nos controis que non se cumpriu o obxectivo do proxecto de investimento ou que non se executou como mínimo o 70 por cento do orzamento de investimento aprobado inicialmente, en ambos os casos por causas diferentes ás de forza maior ou circunstancias excepcionais, que deberán estar adecuadamente xustificadas polo receptor da axuda e aceptadas pola autoridade competente, exixirase o reintegro das cantidades aboadas máis os xuros correspondentes e executarase a garantía de boa execución.

7. Só se poderá estimar favorablemente unha solicitude de pagamento cando quede acreditada a situación do beneficiario respecto das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, así como polo reintegro de subvencións.

Artigo 65. *Liberación de garantías.*

1. A garantía de boa execución terá validez até o momento do pagamento do saldo e liberarase cando a autoridade competente acorde a súa cancelación, logo de comprobación administrativa e sobre o terreo de que se realizou o proxecto de investimento, se alcanzou o obxectivo final do proxecto, se executou, ao menos, o 70 por cento do orzamento inicialmente aprobado en investimentos considerados operativos e está acreditada a situación do beneficiario respecto das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, así como polo reintegro de subvencións, excepto nos casos de forza maior ou circunstancias excepcionais na acepción do artigo 2.2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

2. A garantía do anticipo liberarase cando a comunidade autónoma recoñecese o dereito definitivo a percibir a axuda de conformidade co previsto no artigo 19 do Regulamento (CE) n.º 555 /2008 da Comisión, do 27 de xuño de 2008. En caso de non ter dereito á axuda, exixirase o reintegro das cantidades anticipadas, cos xuros xerados, ou executarase a garantía.

Artigo 66. *Avaliación e seguimento da medida.*

1. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente intercambiará información, por vía electrónica, coas comunidades autónomas e o sector para garantir o seguimento da medida e promover o correcto funcionamento desta.

Para estes efectos, constituirase unha base de datos que incluírá os datos das solicitudes que figuran nos órganos competentes das comunidades autónomas, que se relacionan no anexo XX.

2. As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente antes do 1 de novembro de cada ano, e referido ao exercicio financeiro precedente, un informe anual do resultado dos proxectos de investimento e os controis efectuados.

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa información facilitada polas comunidades autónomas a través da base de datos mencionada no número anterior e dos informes anuais do parágrafo anterior, realizará anualmente un informe xeral de avaliación da medida, acompañado, se for o caso, de propostas de modificación.

*Sección 5.ª Innovación**Artigo 67. Ámbito de aplicación.*

Co obxecto de mellorar a comercialización e a competitividade dos produtos vitivinícolas, concederáse apoio aos investimentos tanxibles ou intanxibles destinados ao desenvolvemento de novos produtos, procedementos e tecnoloxías, relacionados cos produtos que se describen no anexo VII, parte II, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e que se producen no territorio español.

Artigo 68. Beneficiarios.

1. Poderán presentar solicitudes para acollerse ao financiamento da medida de innovación as empresas que no momento da solicitude sexan produtoras dos produtos recollidos no artigo anterior e as organizacións de produtores de viño, recoñecidas de acordo co artigo 152 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, que desenvolvan novos produtos relacionados co sector do viño ou subprodutos do viño ou novos procedementos e tecnoloxías que permitan desenvolver os produtos vitícolas.

Os proxectos dos beneficiarios contarán obrigatoriamente coa participación de centros de investigación e desenvolvemento. Estes centros deberán acreditar que non recibiron outras subvencións para a mesma finalidade.

2. O solicitante deberá demostrar viabilidade económica, excepto cando sexa unha organización de produtores de viño recoñecida de acordo co artigo 152 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e sexa estatutariamente unha organización sen ánimo de lucro.

3. Non poderán ser beneficiarios desta axuda aqueles solicitantes en que conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Cando o solicitante se encontre en situación de crise, segundo se define nas directrices sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas non financeiras en crise (Comunicación 2014/C 249/01 da Comisión, do 31 de xullo de 2014).

b) Cando se encontre en proceso de ter solicitado a declaración de concurso voluntario, ter sido declarada insolvente en calquera procedemento, estar declarada en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeito a intervención xudicial ou ter sido inhabilitado conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Cando non se acredite que o solicitante se encontra ao día das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como das súas obrigacións por reintegro de subvencións.

Artigo 69. Actuacións e gastos subvencionables.

1. Concederáse apoio a investimentos tanxibles ou intanxibles que se destinen á transferencia de coñecementos e/ou á realización de operacións preparatorias e/ou de estudos piloto.

2. Consideraranse subvencionables os proxectos para o desenvolvemento de:

- a) Novos produtos vitivinícolas relacionados co sector do viño ou subprodutos do viño.
- b) Novos procedementos e tecnoloxías que permitan desenvolver os produtos vitícolas.

3. Consideraranse subvencionables:

a) Gastos de persoal alleo, que inclúen gastos de investigadores, técnicos e demais persoal auxiliar, sempre e cando estea dedicado ao proxecto.

b) Gastos de instrumental e material, na medida e durante o período en que se utilice para o proxecto.

c) Gastos de adaptación de instalacións, na medida en que se utilicen para o proxecto durante a súa duración.

d) Gastos xerais directamente ligados ao proxecto, até un máximo do 20%.

4. No caso de empresas obrigadas á liquidación do imposto de sociedades, os gastos subvencionables deberán ser contabilizados no seu inmovilizado.

5. Non terán a consideración de subvencionables os gastos descritos no anexo XXI.

Artigo 70. *Características dos proxectos.*

1. Os proxectos deberán demostrar que se aplica un descubrimento previamente conseguido e que con isto se melloran os produtos, procedementos ou tecnoloxías empregadas polo solicitante.

2. Os proxectos de investimento poderán ser anuais ou plurianuais, de maneira que unha mesma resolución de concesión de subvención poderá recoller operacións que se deben xustificar ante a Administración competente en exercicios Feaga distintos, coas seguintes limitacións:

a) Respecto ás operacións aprobadas para un exercicio Feaga determinado, a súa xustificación por parte do beneficiario ante a Administración competente deberase realizar antes do 30 de abril dese exercicio Feaga, ben que a autoridade competente da comunidade autónoma poderá establecer outros prazos máis restritivos.

b) En todo caso, o pagamento das axudas aquí reguladas deberase realizar antes da finalización do exercicio Feaga 2018.

O incumprimento destes prazos por razóns imputables ao beneficiario poderá motivar que a súa concesión de axuda sexa deixada sen efecto.

Artigo 71. *Presentación de solicitudes.*

1. Os interesados que reúnan as condicións exixidas presentarán a súa solicitude dirixida ao órgano competente da comunidade autónoma en que se encontre situado o establecemento en que se vaia a realizar o investimento.

As solicitudes presentaranse directamente ou a través de calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, antes do 1 de febreiro de cada ano. Así mesmo, admitirase a presentación electrónica das solicitudes conforme o previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño.

Non obstante, as comunidades autónomas poderán dispor, para as solicitudes do seu ámbito de competencia resolutorio, que tanto a presentación desas solicitudes como as notificacións que delas deriven se realicen, exclusiva ou parcialmente, mediante procedementos electrónicos.

O expediente deberá incluír todos os datos do proxecto de innovación. Tanto o modelo de solicitude como a documentación correspondente poderán ser establecidos pola comunidade autónoma.

Así mesmo, a solicitude poderá incluír a petición correspondente de certificación do non inicio do investimento no momento da súa presentación.

2. Os proxectos deberán, en todo caso, cumprir o disposto neste real decreto e na normativa da Unión Europea relativa á medida de innovación, así como a demais lexislación aplicable.

3. Os proxectos deberán estar o suficientemente desenvolvidos como para que se poida avaliar a súa conformidade coa normativa e de acordo cos criterios establecidos no anexo XXII.

Artigo 72. Tramitación de solicitudes.

1. As comunidades autónomas examinarán as solicitudes en canto á súa conformidade con este real decreto e requirirán ao solicitante, se for o caso, a presentación da documentación ou información que debe emendar, ou da adicional pertinente.

2. De acordo cos criterios de valoración establecidos no anexo XXII as comunidades autónomas elaborarán unha lista provisional cos proxectos seleccionados priorizados e remitirana ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente antes do 1 de maio, no formato electrónico, de conformidade co anexo XXIII do presente real decreto. A esta xuntaráse a documentación dos proxectos seleccionados recollidos no mencionado anexo XXIII.

3. A partir das listas provisionais dos proxectos seleccionados polas comunidades autónomas, a Dirección Xeral da Industria Alimentaria elaborará a proposta de lista definitiva e someteraa ao informe vinculante da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, tendo en conta a dotación orzamentaria dispoñible para o exercicio Feaga e a reserva de fondos necesaria para os exercicios seguintes.

Non se incluírán na proposta de lista definitiva aqueles proxectos de innovación que na fase de valoración non alcancen un mínimo de 12 puntos.

4. Para a resolución das situacións de empate de puntuación que se poida presentar na confección da lista definitiva sinalada no punto anterior teranse en conta os seguintes criterios de prioridade, na orde que se indica:

1.º En primeiro termo, serán prioritarios aqueles proxectos de investimento cuxo solicitante sexa unha entidade acollida á Orde APA/180/2008, do 22 de xaneiro, ou unha entidade asociativa prioritaria recoñecida de acordo co Real decreto 550/2014, do 27 de xuño.

2.º Se aínda persiste a situación de empate, serán prioritarios aqueles proxectos de investimento cuxo solicitante sexa unha organización de produtores de viño recoñecida de acordo co artigo 152 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

3.º Se aínda persiste a situación de empate, serán prioritarios aqueles proxectos de investimento cuxo solicitante sexa unha cooperativa.

4.º Se aínda persiste a situación de empate, serán prioritarios aqueles proxectos de investimento cuxo solicitante unha peme.

Artigo 73. Resolución.

1. Unha vez que a Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural emita informe sobre a lista definitiva dos proxectos de innovación seleccionados, as comunidades autónomas ditarán as resolucións correspondentes e notificarano aos beneficiarios. O prazo máximo para a resolución e notificación do procedemento será de seis meses contados a partir do día seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes.

A comunidade autónoma emitirá as correspondentes resolucións denegatorias motivadas para aqueles casos en que se desestime a solicitude de axuda e os recursos que, se for o caso, procedan. Transcorrido o prazo de seis meses sen terse notificado aos interesados resolución ningunha, estes poderán entender desestimada a súa solicitude de acordo co disposto no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Nas resolucións indicaranse o importe dos investimentos considerados como subvencionables, a axuda concedida e o calendario de execución aprobado.

2. No caso de resolución positiva, o beneficiario deberá achegar a seguinte documentación nos dous meses seguintes á notificación da resolución de concesión ante o órgano competente da comunidade autónoma correspondente:

- a) Unha aceptación expresa dos termos da concesión de subvención.
- b) Un documento acreditativo do depósito ante o órgano competente da comunidade autónoma dunha garantía de boa execución, de acordo coas condicións previstas no Regulamento de execución (UE) n.º 908/2014 da Comisión, do 6 de agosto de 2014, por

un importe do 15 por cento do montante do financiamento comunitario, co fin de asegurar a correcta execución do proxecto.

3. A obrigación, conforme o artigo 23 do Regulamento delegado (UE) n.º 907/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, será alcanzar o obxectivo final do proxecto, cun cumprimento de, ao menos, o 70 por cento do orzamento total aprobado por resolución do órgano competente.

4. A comunidade autónoma deberá comunicar ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente antes do 1 de decembro de cada ano as aceptacións, renuncias ou desistencias que se producisen dentro do procedemento, para o efecto de poder dispor dos fondos que se liberen, se for o caso.

Artigo 74. *Modificación dos proxectos.*

1. O beneficiario poderá solicitar a modificación das operacións previstas nun proxecto de innovación antes do 1 de febreiro do exercicio Feaga aprobado en resolución.

2. Calquera modificación do proxecto de innovación aprobado que supoña un cambio de beneficiario, prazos, variación das operacións previstas ou calendario de execución, así como de calquera condición específica indicada na resolución de concesión, requirirá a autorización previa do órgano competente da comunidade autónoma tras a presentación da correspondente solicitude.

En todo caso, para a súa admisibilidade teranse en conta as condicións e limitacións sinaladas a seguir:

- a) Non se admitirán modificacións que alteren o obxectivo final do proxecto.
- b) Non se admitirán nin aprobarán modificacións que supoñan un cambio de beneficiario, salvo que o novo sexa resultante dun proceso de fusión ou unha transformación do tipo de sociedade, non se alteren as condicións tidas en conta para a concesión da axuda.
- c) Non se admitirán modificacións que supoñan a non execución nas condicións establecidas como mínimo do 70% do investimento subvencionable inicialmente aprobado.
- d) As modificacións que impliquen un traslado de pagamentos dun exercicio Feaga a outro poderán ser autorizadas polas comunidades autónomas. Cando a aprobación dunha modificación vaia supor un incremento do importe aprobado para a comunidade autónoma nun ou máis exercicios Feaga, deberase solicitar á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, que elaborará unha proposta e a someterá a informe vinculante da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural tendo en conta a dotación orzamentaria dispoñible.

3. Independentemente do citado neste artigo, o órgano competente da comunidade autónoma poderá excepcionalmente aprobar modificacións da resolución de concesión que non se axusten ás condicións indicadas nos números anteriores, nos casos de forza maior ou circunstancias excepcionais na acepción do artigo 31 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009.

4. As modificacións que supoñan un incremento dos orzamentos aprobados para os proxectos de investimento non suporán incremento da subvención concedida.

5. As modificacións que supoñan unha diminución dos orzamentos aprobados suporán a redución proporcional da subvención concedida coas consecuencias seguintes:

- a) O beneficiario mantén a súa obrigación de depósito de garantía de boa execución en razón dos importes calculados sobre a concesión de subvención inicial.
- b) Se a concesión de subvención foi obxecto dun pagamento derivado dun anticipo de subvención, o órgano xestor da comunidade autónoma correspondente deberá, se for o caso, iniciar o procedemento de reintegro, salvo que o beneficiario presentase xa unha solicitude de pagamento válida que equivalla a un importe de axuda igual ou superior ao importe de subvención anticipado.

6. Se froito dunha modificación se produciren alteracións que afectan a puntuación outorgada de acordo co procedemento descrito no artigo 72.2, o órgano competente da comunidade autónoma deberá proceder a reavaliar a solicitude, determinando a cifra da súa nova puntuación.

A nova valoración así outorgada como consecuencia da revisión deberá ser comparada coa lista definitiva de proxectos de investimento seleccionados que foi obxecto de informe da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural en que se incluíu a súa concesión de subvención orixinal.

Para garantir que os termos económicos da concesión de subvención non superan os que nesa lista corresponderían coa súa nova puntuación, a concesión de subvención poderase minorar e pode chegar a ser deixada sen efecto na súa totalidade.

7. As comunidades autónomas comunicarán as modificacións suxeitas a autorización que se produciron ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente antes do 1 de abril do exercicio Feaga correspondente.

Artigo 75. *Financiamento.*

Aplicaranse á contribución da Unión Europea os tipos máximos de axuda previstos no artigo 51 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

Artigo 76. *Anticipos.*

1. O beneficiario poderá presentar ao organismo competente da comunidade autónoma unha solicitude de anticipo que poderá alcanzar a contía establecida no artigo 19.2 do Regulamento (CE) n.º 555/2008.

2. O pagamento dun anticipo supeditarase á constitución dunha garantía bancaria ou unha garantía equivalente a favor do órgano competente da comunidade autónoma, por un importe igual ao 110 por cento do dito anticipo, de conformidade coas condicións previstas no Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño de 2008, e no Regulamento de execución (UE) n.º 908/2014 da Comisión, do 6 de agosto de 2014.

3. Para estimar unha solicitude de anticipo será requisito indispensable que o beneficiario da concesión de subvención obxecto da petición aceptase a dita concesión e depositase a garantía de boa execución nos termos previstos neste real decreto. O prazo para presentar a correspondente solicitude de anticipo será dun mes contado desde a data seguinte a aquela en que quede acreditada a execución deses dous requisitos.

Ademais, será requisito para o pagamento do anticipo acreditar que a empresa solicitante se encontra ao día das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como das súas obrigacións por reintegro de subvencións.

4. De acordo co previsto no artigo 19.2 do Regulamento 555/2008, da Comisión, os beneficiarios deberán gastar o importe total do anticipo na execución do proxecto dous anos despois do seu pagamento.

5. As comunidades autónomas comunicarán ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente antes do 1 de decembro a lista cos proxectos que solicitaron anticipo e a súa contía.

6. Para o pagamento do saldo da axuda descontarase, se for o caso, o anticipo percibido.

Artigo 77. *Pagamentos.*

1. Poderanse solicitar pagamentos por operacións, que terán a consideración de pagamentos parciais e deben cumprir os mesmos requisitos que o pagamento final.

2. A solicitude de pagamento final irá acompañada, ao menos, da seguinte documentación:

a) Memoria de execución valorada, coa relación de gastos, facturas e xustificantes de pagamento. Ademais, a memoria de execución incluírá a relación das diferenzas

existente entre os traballos previstos e os realizados, e, se for o caso, a xustificación das causas excepcionais ou de forza maior.

b) Declaración do beneficiario sobre a non solicitude ou percepción de ningunha outra axuda para o mesmo investimento e de non encontrarse inmerso nun proceso de reintegro de subvencións.

c) Declaración responsable relativa á conta bancaria en que solicita o ingreso da subvención, cando esta conta non sexa coincidente coa conta única.

d) Facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, respecto do gasto, e acreditación dos pagamentos.

e) Extracto bancario da conta única a través da que se realizaron os pagamentos.

f) Calquera outra documentación exixida por normativa de obrigado cumprimento, así como a indicada na resolución de concesión con obxecto de acreditar algunha das circunstancias ou requisitos necesarios para conceder a axuda.

3. Todos os pagamentos do proxecto que realice o solicitante a partir da data de presentación de solicitude de axuda se deberán realizar a través dunha conta bancaria única dedicada exclusiva a este fin.

4. O pagamento da axuda estará supeditado á presentación das contas xustificativas do investimento, verificadas por un auditor de contas ou sociedade de auditoría inscritos no Rexistro Oficial de Auditores de Contas ou, no seu defecto, á verificación por parte da comunidade autónoma das facturas e documentos mencionados anteriormente. Esta comprobación incluírá, como mínimo, unha inspección *in situ* para cada expediente de axuda.

5. O beneficiario terá dereito á axuda unha vez que se confirmase que se realizaron e comprobaron sobre o terreo unha ou varias das operacións previstas na solicitude aprobada, excepto nos casos de forza maior ou circunstancias excepcionais na acepción do artigo 2.2 do Regulamento 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

6. Se se comprobara nos controis que non se cumpriu o obxectivo do proxecto de investimento ou que non se executou como mínimo o 70 por cento do orzamento de investimento aprobado inicialmente, en ambos os casos por causas diferentes ás de forza maior ou circunstancias excepcionais, que deberán estar adecuadamente xustificadas polo receptor da axuda e aceptadas pola autoridade competente, exixirase o reintegro das cantidades aboadas máis os xuros correspondentes, e executarase a garantía de boa execución.

Só se poderá estimar favorablemente unha solicitude de pagamento cando quede acreditada a situación do beneficiario respecto das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, así como polo reintegro de subvencións.

Artigo 78. *Liberación de garantías.*

1. A garantía de boa execución terá validez até o momento do pagamento do saldo e liberarase cando a autoridade competente acorde a súa cancelación, logo da comprobación administrativa e sobre o terreo de que se realizou o proxecto e a execución de, ao menos, o 70 por cento do orzamento inicialmente aprobado en proxectos considerados operativos e está acreditada a situación do beneficiario respecto das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, así como polo reintegro de subvencións, excepto nos casos de forza maior ou circunstancias excepcionais na acepción do artigo 2.2 do Regulamento 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

2. A garantía do anticipo liberarase cando a comunidade autónoma recoñecese o dereito definitivo a percibir a axuda de conformidade co previsto no artigo 19 do Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño de 2008. En caso de non ter dereito á axuda, exixirase o reintegro das cantidades anticipadas, cos xuros xerados, ou executarase a garantía.

Artigo 79. Avaliación e seguimento da medida.

1. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente intercambiará información por vía electrónica coas comunidades autónomas e o sector para garantir o seguimento da medida e promover o seu correcto funcionamento.

Para estes efectos, constituirase unha base de datos que incluíra os datos das solicitudes que figuran nos órganos competentes das comunidades autónomas, que se relacionan no anexo XXIV.

2. As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente antes do 1 de novembro de cada ano, e referido ao exercicio financeiro precedente, un informe anual do resultado dos proxectos de innovación e os controis efectuados.

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa información facilitada polas comunidades autónomas a través da base de datos mencionada no número anterior e dos informes anuais do parágrafo anterior, realizará anualmente un informe xeral de avaliación da medida, acompañado se for o caso, de propostas de modificación.

*Sección 6.^a Colleita en verde**Artigo 80. Ámbito de aplicación.*

1. Co fin de evitar crises de mercado e recobrar o equilibrio da oferta e a demanda no mercado vitivinícola, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente poderá decidir antes do 15 de abril de cada ano logo da solicitude debidamente xustificada dunha ou varias comunidades autónomas, conceder unha axuda á colleita en verde recollida no artigo 47 de Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, nunha ou en parte da totalidade do territorio nacional.

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, en función dunha análise da situación de mercado fixará, entre outros, a superficie máxima que poderá ter dereito á axuda á colleita en verde para retirar do mercado un volume de produción consonte un rendemento medio por hectárea, así como o coeficiente recollido no artigo 87.3, que non poderá ser superior ao 50 por cento.

2. Entenderase por colleita en verde a destrución ou eliminación total dos acios de uvas cando aínda están inmaduros, de maneira que se reduza a cero o rendemento da parcela, sen que poidan existir uvas sen vendimar na parcela de viña obxecto da axuda.

Artigo 81. Beneficiarios.

1. Poderanse acoller á axuda á colleita en verde os viticultores cuxas viñas se destinen á produción de uva para vinificación.

2. Non poderán ser beneficiarios aqueles que contraveñan a normativa vixente tanto en materia de plantacións de viña para calquera das superficies de viña da súa explotación, como en materia das declaracións obrigatorias segundo o artigo 18 do Regulamento (CE) n.º 436/2009 da Comisión, do 26 de maio de 2009.

Artigo 82. Requisitos de admisibilidade.

1. Só se poderán acoller á axuda á colleita en verde as solicitudes de parcelas completas que se destinen á produción de uva para vinificación. As solicitudes realizaranse por unha superficie mínima igual ou superior a 0,3 hectáreas.

2. Non poderá recibir axuda á colleita en verde unha mesma superficie en dúas campañas consecutivas, nin parcelas de viña plantadas nas tres campañas anteriores a aquela en que se solicita a axuda para a colleita en verde.

3. A colleita en verde poderase realizar de forma manual, mecánica e química.

Artigo 83. *Presentación de solicitudes de axuda.*

1. Cando se adopte a decisión segundo o artigo 80.1, a solicitude de axuda deberase presentar entre o 15 de abril e o 15 de maio ante o órgano competente da comunidade autónoma en que estean situadas as parcelas de viña onde se solicite realizar a colleita en verde, directamente ou a través de calquera dos lugares previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro. Así mesmo, admitirase a presentación electrónica das solicitudes conforme o previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño.

2. Os viticultores deberán achegar, xunto coa solicitude de axuda, como mínimo a seguinte información:

- a) Localización e parcela sobre a que se queira realizar a colleita en verde.
- b) O rendemento medio da parcela sobre a que se queira efectuar a colleita en verde considerando a media das tres últimas campañas. No caso de non se coñecer as producións específicas das parcelas obxecto da solicitude de axuda, o rendemento medio calcularase tendo en conta a produción total declarada segundo o tipo de viño en que se encontra a parcela obxecto de solicitude de axuda, dividido entre a superficie total declarada para ese tipo de viño. Esta produción total segundo tipo de viños corresponde á declarada segundo a desagregación de datos de viña recollido no cadro B do anexo II b do Real decreto 1303/2009, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola e polo que se modifica o Real decreto 1244/2008, do 18 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola.
- c) A variedade de uva e o tipo de viño producido segundo a declaración de colleita da campaña anterior.
- d) Forma de realización da colleita en verde: medios propios ou por empresa.

3. O órgano competente da comunidade autónoma remitirá ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente antes do 1 de xuño a información sobre as solicitudes presentadas unha vez comprobadas as condicións de elegibilidade. Para cada solicitude deberanse remitir os datos mínimos do anexo XXV.

Artigo 84. *Criterios de prioridade.*

No caso de que a superficie solicitada total ou o volume de viño estimado de retirada supere as estimacións fixadas polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente recollidas no artigo 80, darase prioridade ás solicitudes que impliquen unha maior retirada potencial de viño, e dentro delas ás que proveñan de explotacións de titularidade compartida de acordo coa Lei 35/2011, do 4 de outubro.

Artigo 85. *Aceptación de solicitudes.*

1. Unha vez acordada pola Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural a dispoñibilidade orzamentaria para un exercicio concreto para a medida da colleita en verde, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente comunicará ás comunidades autónomas antes do 1 de xullo as solicitudes para as que existe dispoñibilidade orzamentaria.

2. As comunidades autónomas resolverán as solicitudes e notificaranas aos interesados.

3. Co fin de que se poidan efectuar os controis oportunos, os beneficiarios comunicarán á autoridade competente a data de execución da colleita en verde, e esta comunicación poderase considerar como solicitude de pagamento da axuda. A execución da colleita en verde por parte do beneficiario deberase realizar antes do 20 de xullo.

Artigo 86. *Controis.*

1. De acordo co artigo 12.1 b) do Regulamento 555/2008 da Comisión, os controis realizaranse antes do 31 de xullo de cada ano.

2. Para os efectos do cumprimento do artigo 12.1 a) iii do dito regulamento, as comunidades autónomas deberán garantir que as superficies consideradas se manteñan en boas condicións vexetativas, que se cumpran as disposicións ambientais e as fitosanitarias.

Artigo 87. Cálculo da axuda.

1. A axuda á colleita en verde calcularase sumando unha compensación polos custos directos de destrución ou eliminación dos acios de uva e outra pola perda de ingresos vinculada á destrución ou a eliminación dos acios de uva, debéndose axustar ao establecido no artigo 14 do regulamento.

2. As comunidades autónomas que prevegan solicitar esta axuda de conformidade co artigo 80.1 do presente real decreto fixarán unha compensación pola perda de ingresos que se calculará como o 25 por cento do valor medio da uva das tres últimas campañas no ámbito territorial onde estea a parcela de viña obxecto da vendima en verde, que a comunidade autónoma deberá definir.

3. As comunidades autónomas que prevegan solicitar esta axuda de conformidade co artigo 80.1 do presente real decreto fixarán un importe máximo por hectárea dos custos directos de destrución ou eliminación dos acios de uva para cada unha das formas de eliminación, manual, mecánica ou química. As comunidades autónomas poderán decidir que a colleita en verde se poida realizar con medios propios, caso en que os importes aplicables se deberán calcular sobre a base dun cálculo exacto dos custos reais de cada tipo de operación.

A compensación polos custos directos de destrución ou eliminación dos acios de uvas será o resultado de aplicar o coeficiente que fixará o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ao importe máximo establecido pola comunidade autónoma. O montante percibido en ningún caso poderá ser superior ao que resulte da aplicación do dito coeficiente sobre o gasto efectivamente realizado e acreditado mediante factura e xustificante de pagamento cando a colleita en verde non fose executada polo propio beneficiario.

4. As comunidades autónomas que prevegan solicitar a axuda de conformidade co artigo 80.1 enviarán ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, xunto coa solicitude mencionada no dito número, as cantidades fixadas nos números 2 e 3 do presente artigo.

5. Para determinar o importe da axuda pola colleita en verde dunha superficie de viña, as comunidades autónomas realizarán unha medición da parcela en que se realizou a colleita en verde seguindo o método recollido no artigo 75 do Regulamento (CE) n.º 555/2008.

6. Non se pagará a axuda en caso de perda total ou parcial da produción antes da data de colleita en verde como consecuencia dun desastre natural.

Para efectos do cumprimento do parágrafo anterior, considerarase que existiu un desastre natural cando por condicións meteorolóxicas como as xeadas, o pedrazo, as chuvias ou a seca se destrúa máis do 30% da produción calculada como a media anual dun agricultor determinado durante o trienio precedente ou dunha media trienal baseada nos cinco anos anteriores que exclúa a cifra máis elevada e a cifra máis baixa.

Artigo 88. Pagamento da axuda aos beneficiarios.

1. A axuda pagarase polo importe calculado segundo o artigo 87 e unha vez que se comprobouse sobre o terreo que se executou correctamente a medida.

2. A comunidade autónoma deberá emitir unha resolución de pagamento e realizar o pagamento ao beneficiario nun prazo máximo de seis meses desde a data da resolución de pagamento.

Artigo 89. Sancións.

No caso de que un viticultor non execute a colleita en verde nas parcelas aprobadas, será considerado infracción leve segundo o previsto no artigo 38.1.g) da Lei 24/2003, do 10 de xullo, e será sancionado de conformidade co establecido no artigo 42.1 da citada lei, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais.

Artigo 90. Comunicaci3ns.

As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, antes do 15 de novembro de cada ano e respecto ao exercicio anterior, un informe sobre a aplicación da colleita en verde que conteña, ao menos, a información contida no anexo XXVI.

Artigo 91. Condicionalidade.

Se se constata que un beneficiario, en calquera momento durante un período de tres anos a partir do 1 de xaneiro do ano natural en que se producise o primeiro pagamento en virtude da presente sección, non respectou na súa explotación os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais a que se refiren os artigos 91, 92, 93, 94 e 95 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, o importe da axuda, en caso de que o incumprimento se deba a unha acción ou omisión atribuíble directamente ao beneficiario, reducirase ou cancelarse, parcial ou totalmente, dependendo da gravidade, alcance, persistencia e repetición do incumprimento, e o beneficiario deberá reintegrala se procede, conforme o establecido nas citadas disposicións. Para efectos deste control de condicionalidade, as comunidades autónomas deberán dispor de información actualizada sobre as referencias alfanuméricas Sixpac de todas as parcelas que forman parte da explotación do beneficiario.

CAPÍTULO III

Control e pagamento das axudas

Artigo 92. Controis.

1. As actuacións de control serán realizadas conforme o establecido na normativa da Unión Europea aplicable e no presente real decreto. No que se refire á medida de reestruturación e reconversión de viña, aplicarase especialmente o recollido no artigo 81 do Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño de 2008. Para as medidas de investimento, observarase o previsto nos capítulos I e II do título V do Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño de 2008, no que sexa de aplicación.

2. As comunidades autónomas articularán as medidas de control necesarias para garantir o cumprimento das actuacións previstas nun plan xeral de control elaborado polo Fondo Español de Garantía Agraria en coordinación con estas. No caso da reestruturación e reconversión de viña, o plan xeral citado terá en conta o rexistro vitícola da comunidade autónoma correspondente.

3. Como complemento ao plan xeral de control que se estableza, as autoridades competentes poderán desenvolver cantas actuacións de control consideren precisas.

4. Para aquelas axudas relacionadas coa superficie, os controis administrativos e sobre o terreo estableceranse tendo en conta os principios xerais do sistema integrado de xestión e control previstos no Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013

Artigo 93. *Pagamento.*

O outorgamento e pagamento ou denegación das axudas a que se refire este real decreto corresponde á autoridade competente da comunidade autónoma onde se presente a axuda.

As axudas reguladas neste real decreto financiaranse con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía.

Artigo 94. *Pagamentos indebidos e sancións.*

1. O beneficiario deberá reintegrar os pagamentos indebidos xunto cos xuros, segundo o establecido no artigo 97 do Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño de 2008. O tipo de xuro que se aplicará será o de demora establecido na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado.

2. O incumprimento do disposto neste real decreto será sancionado, logo de instrución do procedemento sancionador, segundo o disposto nos artigos 37 a 45 da Lei 24/2003, do 10 de xullo, e nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Artigo 95. *Comunicación relativa aos anticipos.*

1. Para os anticipos concedidos na medida de promoción en mercados de terceiros países segundo o artigo 14, o beneficiario deberá realizar cada ano ao organismo pagador antes do 31 de xullo xunto coa solicitude do pagamento do saldo da anualidade correspondente, unha declaración dos gastos que xustifiquen, o uso dos anticipos na anualidade correspondente e a confirmación do saldo restante do anticipo non utilizado. A dita declaración de gastos que xustifiquen o uso de anticipos farase por primeira vez para as solicitudes de saldo correspondentes á anualidade 2014.

2. Para os anticipos concedidos na medida de destilación de subprodutos segundo o artigo 49, o beneficiario deberá realizar cada ano ao organismo pagador, antes do 20 de xullo, xunto coa solicitude do pagamento do saldo, unha declaración dos gastos que xustifiquen o uso dos anticipos no exercicio Feaga correspondente e a confirmación do saldo restante do anticipo non utilizado. A dita declaración de gastos que xustifique o uso de anticipos farase por primeira vez para as solicitudes de saldo correspondentes ao exercicio Feaga 2014.

3. Para os anticipos concedidos á medida de reestruturación e reconversión de viñas, segundo o artigo 33, os beneficiarios deberán comunicar cada ano ao organismo pagador antes do 31 de outubro unha declaración dos gastos que xustifique o uso dos anticipos até o 15 de outubro correspondente, e a confirmación do saldo restante dos anticipos non utilizados na data do 15 de outubro. A dita declaración de gastos farase por primeira vez antes do 31 de outubro de 2015.

4. Para os anticipos concedidos á medida de investimentos, segundo o artigo 63, os beneficiarios deberán comunicar cada ano ao organismo pagador, antes do 31 de outubro, unha declaración dos gastos que xustifique o uso dos anticipos até o 15 de outubro correspondente e a confirmación do saldo restante dos anticipos non utilizados na data do 15 de outubro. A dita declaración de gastos farase por primeira vez antes do 31 de outubro de 2015.

5. Para os anticipos concedidos á medida de innovación, segundo o artigo 76, os beneficiarios deberán comunicar cada ano ao organismo pagador, antes do 31 de outubro, unha declaración dos gastos que xustifique o uso dos anticipos até o 15 de outubro correspondente e a confirmación do saldo restante dos anticipos non utilizados na data do 15 de outubro. A dita declaración de gastos farase por primeira vez antes do 31 de outubro de 2015.

6. Os organismos pagadores de cada comunidade autónoma deberán remitir ao FEAGA a información comunicada con base nos números anteriores antes do 20 de xaneiro, para a súa remisión á Comisión Europea.

7. Para os efectos do artigo 27.1 a) do Regulamento delegado (UE) n.º 907/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, sobre liberación da garantía, as probas do dereito á concesión definitiva que se deberán presentar serán a última declaración de custos e a confirmación do saldo a que se fai referencia nos números 1 a 5.

Artigo 96. *Compatibilidade das axudas.*

Non se financiarán cos fondos do Programa Nacional de Apoio as medidas que están recollidas nos programas de desenvolvemento rural ao abeiro do Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, e do Regulamento 1305/2013, relativos á axuda ao desenvolvemento rural, as operacións de información e de promoción de produtos agrícolas no mercado interior e en terceiros países recollidas no artigo 2.3 do Regulamento (CE) n.º 3/2008 do Consello, do 17 de decembro de 2007, e as medidas que están recollidas no Regulamento (CE) 1040/2002 da Comisión, do 14 de xuño de 2002, polo que se establecen normas particulares de execución das disposicións relativas á asignación dunha participación financeira da Comunidade para a loita fitosanitaria e se derroga o Regulamento (CE) n.º 2051/97, nin outras medidas financiadas por instrumentos financeiros da Unión Europea. Non obstante, para a medida de investimentos e segundo o establecido no artigo 59.1, os compromisos de investimento aprobados desde o 1 de xullo de 2014 para os produtos mencionados no anexo XI ter do citado Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, deberanse financiar exclusivamente cos fondos do Programa de apoio ao sector vitivinícola español.

En ningún caso estas axudas poderán ser acumuladas ou completadas con outras axudas nacionais ou das comunidades autónomas dedicadas á mesma finalidade.

Disposición adicional única. *Medios e contención do gasto.*

A constitución e funcionamento da Comisión prevista no artigo 10 e do Comité regulado no artigo 19 non suporán incremento de gasto e serán atendidos cos medios persoais e materiais existentes na Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Así mesmo, o resto das medidas previstas neste real decreto non poderán supor incremento de dotacións, de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria primeira. *Reestruturación e reconversión de viña.*

Respecto da reestruturación e reconversión de viña, aboaranse con cargo aos exercicios 2014 a 2018 as medidas finalizadas en 31 de xullo de 2013, e que non puidesen ser pagadas antes do 15 de outubro de 2013, para cuxo efecto os requisitos e condicións serán os establecidos no Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, para a aplicación das medidas do programa de apoio ao sector vitivinícola español.

As medidas aprobadas e non finalizadas en 31 de xullo de 2013 serán liquidadas ou pagadas con cargo aos exercicios 2014 a 2018, conforme os importes e operacións recollidos no anexo XII do presente real decreto. As comunidades autónomas poderán determinar que sexan executadas conforme os requisitos e condicións previstos neste real decreto.

Nos casos descritos nos dous parágrafos anteriores, a contribución da Unión Europea para os custos de reestruturación e reconversión de viña non poderá exceder o 75% nas rexións de converxencia segundo a clasificación do Regulamento (CE) n.º 1083/2006 e o 50% no resto de rexións.

Disposición transitoria segunda. *Investimentos.*

A sección cuarta deste real decreto non será de aplicación ás solicitudes presentadas antes do 1 de febreiro de 2015, ás cales se lles aplicará a sección cuarta do Real decreto 548/2013, do 19 de xullo, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola español.

Disposición transitoria terceira. *Innovación.*

As solicitudes presentadas desde o 1 de febreiro de 2014 até a entrada en vigor deste real decreto para o desenvolvemento de novos produtos, procedementos e tecnoloxías segundo o previsto no artigo 49 do Real decreto 548/2013, do 19 de xullo, que remite ao anexo XV, letra B, entenderanse presentadas para a medida de innovación segundo o disposto nas sección quinta deste real decreto.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 548/2013, do 19 de xullo, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola español.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, salvo a sección primeira do capítulo II, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de modificación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para modificar tanto os importes a que se fai referencia no artigo 32 como os anexos do presente real decreto cando as ditas modificacións sexan exixidas como consecuencia da normativa da Unión Europea. Ademais, poderá modificar as datas e prazos contidos na presente disposición.

Disposición derradeira terceira. *Deber de información.*

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e as comunidades autónomas proporcionaranse, preferentemente por vía electrónica, a información necesaria para facilitar o seguimento das disposicións recollidas neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o anexo XVIII sobre criterios de valoración na medida de investimentos, que entrará en vigor o 1 de febreiro de 2015.

Dado en Madrid o 19 de decembro de 2014.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA

ANEXO I

Accións e actividades de promoción

Accións	Actividades
<p>a) Relacións públicas e medidas de promoción e publicidade que destaquen en particular as vantaxes dos produtos da Unión Europea en termos de calidade, seguridade alimentaria e respecto ao ambiente.</p>	<p>Misións comerciais. Campañas publicitarias de natureza diversa (TV, radio, prensa, eventos, etc.). Promocións en puntos de venda. Portais web para promoción exterior. Misións inversas. Oficinas de información. Gabinete de prensa. Presentacións de produto.</p>
<p>b) Participación en manifestacións, feiras e exposicións de importancia internacional.</p>	<p>Feiras e exposicións internacionais, etc., sectoriais ou xerais, profesionais e de consumidores.</p>
<p>c) Campañas de información, en particular sobre os sistemas da Unión Europea de denominacións de orixe, indicacións xeográficas e produción ecolóxicas.</p>	<p>Encontros empresariais, profesionais, líderes de opinión e consumidores. Xornadas, seminarios, catas, degustacións, etc.</p>
<p>d) Estudos de novos mercados, necesarios para a busca de novas saídas comerciais.</p>	<p>Estudos e informes de mercado.</p>
<p>e) Avaliación dos resultados das medidas de promoción e información.</p>	<p>Estudos de avaliación de resultados das medidas de promoción. Auditorías de execución de medidas e gastos das operacións.</p>

ANEXO II**Lista de produtos**

Os produtos mencionados no artigo 6 son os seguintes:

1. Viño.
2. Viño de licor.
3. Viño espumoso.
4. Viño espumoso de calidade.
5. Viño espumoso aromático de calidade.
6. Viño de agulla.
7. Viño de agulla gasificado.
8. Viño de uvas pasificadas.
9. Viño de uvas sobremaduras.
10. Viños ecolóxicos.

ANEXO III**Lista de países prioritarios**

- Países incluídos nos plans integrais de desenvolvemento de mercados da Secretaría de Estado de Comercio:

- a) Alxeria
- b) Australia
- c) Brasil
- d) China
- e) Corea do Sur
- f) Estados Unidos
- g) India
- h) Indonesia
- i) Xapón

- j) Marrocos
- k) México
- l) Rusia
- m) Singapur
- n) Sudáfrica
- o) Turquía
- p) Países do Golfo (Arabia Saudita, Kuwait, Bahrein, Qatar, EAU, Omán)

- Outros países:

- a) Canadá
- b) Colombia
- c) Costa Rica
- d) Cuba
- e) Ecuador
- f) O Salvador
- g) Filipinas
- h) Guatemala
- i) Honduras
- j) Nicaragua
- k) Noruega
- l) Panamá
- m) Perú
- n) Suíza
- o) Tailandia
- p) Ucraína
- q) Venezuela
- r) Vietnam

ANEXO IV

I FORMULARIO DE BENEFICIARIO

Cubrir un único formulario por beneficiario	
1	BENEFICIARIO
1.1	Presentación <i>Nome, enderezo, enderezo de correo electrónico, teléfono, fax, persoa de contacto responsable do programa.</i>
1.2	Tipo de beneficiario (de acordo co artigo 5 do presente real decreto)
1.3	Trátase dun novo beneficiario? SI/NON
1.4	Características da organización ou empresa propoñentes. <i>Representatividade, importancia no sector, volume de comercialización global e respecto á DOP/IXP a que pertence</i>
1.5	Tamaño da empresa <i>Especificar se se trata dunha microempresa ou pequena e mediana empresa. (Declaración de peme oficial en caso de selo).</i>
1.6	Trátase dunha empresa/grupo empresarial SI/NON <i>En caso afirmativo especifíquese o diagrama do grupo empresarial (indicando porcentaxes) cales son as adegas do grupo que participan no programa.</i>
2.	ACREDITACIÓN DA CAPACIDADE
2.1	Balance de contas Copia das declaracións financeiras e/ou informes anuais dos 3 últimos anos
3	ACREDITACIÓN DA CAPACIDADE TÉCNICA
3.1	Descrición dos recursos para a execución do programa (persoal e medios) Definir estrutura interna/externa (departamentos e funcións) <i>Especifíquese se os recursos son propios ou alleos. Se se seleccionaron varios organismos de execución, indíquense as actuacións que aplicarán cada un deles.</i>
3.2	Xustificación da capacidade para executar o programa (experiencia en actuacións de promoción)
4.	CAPACIDADE DE RESPOSTA COMERCIAL
4.1	Diversidade de tipos de viño e zonas xeográficas en que está presente. Indicar as marcas comerciais dos diferentes tipos de viños
4.2	Volume de comercialización e volume exportado (<i>detallando o volume para os países obxecto do programa</i>)
4.3	Volume de comercialización dispoñible para posible resposta comercial

II FORMULARIO DE PROGRAMA

Cubrir un formulario para cada programa	
1	CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA
1.1	Produto(s) <i>Especifique os produtos obxecto de promoción dos recollidos no anexo II</i>
1.2	Mercado(s) destinatario(s) <i>Especifique os países de destino e detalle os motivos polos que foron seleccionados e as posibilidades de comercialización dos produtos nos mercados elixidos</i>
1.3	Trátase dun programa dirixido a un novo destino? SI/NON
	En caso afirmativo especifíquese o(s) novo(s) país(es) de destino
1.4	Duración: 12-24-36 meses
1.5	É continuación dun programa presentado no exercicio anterior? SI/NON
1.6	Trátase dunha prórroga? SI/NON
2	OBXECTIVO <i>En termos de obxectivos concretos e, se for posible, cuantificados</i>
3	ESTRATEGIA <i>Especifíquese que instrumentos de mercadotecnia e comunicación se utilizarán para alcanzar os obxectivos do programa</i>
4	ACCIÓNS
4.1	Descrición detallada de cada unha das accións e actividades por país
4.2	Calendario previsto <i>Lugares e datas onde se levarán a cabo as actividades (menciónese a cidade ou, en casos excepcionais, a rexión; por exemplo, «os Estados Unidos» non é suficientemente preciso).</i>
5	PÚBLICO OBXECTIVO <i>Especifique se vai dirixido a consumidor, a distribuidores (supermercados, grosistas, retallistas especializados, abastecedores, restaurantes) a importadores, a líderes de opinión (xornalistas e expertos gastronómicos), a escolas de gastronomía e restauración...</i>
6	MENSAXES <i>Sobre as calidades intrínsecas dos produtos ou, en caso de tratarse de viños que contan cunha indicación xeográfica, a orixe do produto.</i>
7	REPERCUSIÓN PREVISIBLE E MÉTODO PARA MEDILA <i>Polo que se refire á evolución da demanda, a notoriedade e a imaxe do produto ou calquera outro aspecto vinculado aos obxectivos.</i>
7.1	<i>Especifíquese e cuantifíquese a repercusión previsible en termos de resultados realistas.</i>
7.2	<i>Especifíquese o método (cuantitativo e/ou cualitativo) e os indicadores que se utilizarán para medir os resultados ou repercusións.</i>
8	INTERESE NACIONAL E COMUNITARIO DO PROGRAMA
9	ORZAMENTO
9.1	Cadro recapitulativo <i>Elaborar un cadro recapitulativo para cada país de destino e exercicio. A presentación do orzamento débese ater á mesma estrutura e á mesma orde que a descrición das actividades. Véxase o modelo adxunto</i>
10	PLAN DE FINANCIAMENTO <i>Véxase o cadro modelo adxunto.</i>
11	OUTROS DATOS PERTINENTES

Anexos obrigatorios

Anexo I. Compromiso da organización ou empresa propoñentes de garantir o seu financiamento para toda a duración do programa.

Anexo II. Declaración da organización ou empresa propoñentes de que o programa non recibe ningunha outra axuda económica da UE.

III. ORZAMENTO

– ORZAMENTO RECAPITULATIVO:

Acción	Actividade	Exercicio I Anualidade I	Exercicio II Anualidade II	Exercicio III Anualidade III	Total
a)					
b)					
c)					
d)					
e)					
Gastos xerais (max. 4% do total de accións subvencionables)					
Custos de persoal (13%)					
Total»					

– Plan de FINANCIAMENTO: €

Cofinanciamento	Exercicio I	%	Exercicio II	%	Exercicio III	%	Total	%
UE		50		50		50		50
PROPOÑENTE		50		50		50		50
TOTAL		100		100		100		100

ANEXO V

1. Criterios de avaliación do programa

	Puntuación máxima
Calidade e eficacia do programa:	
a) Produtos obxecto de promoción	10 puntos
b) Mercado de destino	10 puntos
c) Duración e execución do programa	5 puntos
d) Presentación e calidade do programa	20 puntos
e) Alcance e cobertura do programa	15 puntos
f) Coherencia técnica	20 puntos
g) Repercusión prevista	10 puntos
h) Método para medir a repercusión do programa	10 puntos
Valoración total xeral	100 puntos

Calidade e eficacia do programa:a) *Produtos obxecto de promoción (10 puntos):*

10 puntos, considerando produtos os recollidos no anexo II. Se se inclúe un produto, 2 puntos, se son dous produtos, 6 puntos e se son tres produtos ou máis, 10 puntos.

b) *Mercado de destino (10 puntos):*

Os 10 puntos repartiranse segundo o mercado elixido. Concederanse 10 puntos para os mercados considerados prioritarios e 4 puntos se o mercado de destino non se encontra entre os prioritarios detallados no anexo III

A repartición farase de forma proporcional á porcentaxe de orzamento destinada aos países prioritarios, correspondendo os 10 puntos só aos programas en que estes destinos supoñan o 100% do orzamento

c) *Duración e execución dos programas (5 puntos)*

Só se concederá esta puntuación aos novos programas ou a aqueles cuxo grao de execución en exercicios anteriores fose, ao menos, do 75%.

No caso de programas plurianuais, concederanse os 5 puntos aos programas cuxa duración sexa, ao menos, de 24 meses

No caso de programas anuais, concederanse os 5 puntos se son continuación dun programa presentado no exercicio anterior.

d) *Presentación e calidade do programa* **20 puntos**, repartidos segundo grao de detalle e concreción de:

- obxecto do programa (4 puntos),
- actividades e calendario (4 puntos),
- medios para o desenvolvemento do programa (4 puntos),
- grupo destinatario da promoción (4 puntos),
- mensaxe e creatividade (4 puntos).

e) *Alcance e cobertura do programa* **(15 puntos)**:

A puntuación concederase da seguinte forma:

- 7,5 puntos en función do alcance e cobertura en termos de actividades previstas: unha actividade, 1,5 puntos; dúas actividades, 3 puntos, tres ou máis actividades, 7,5 puntos

- 7,5 puntos en función do alcance e cobertura en termos de grupo destinatario (número de contactos previstos, etc.) entendendo por grupo destinatario distribución, restauración, consumidor final distribuidor importador, e líderes de opinión. Un único destinatario, 1,5 puntos; dous destinatarios, 3 puntos, tres ou máis destinatarios, 7,5 puntos

f) *Coherencia técnica entre as actividades e os canais empregados para chegar ao público obxectivo e cumprir os obxectivos marcados* **(20 puntos)**

A puntuación repartirase de forma proporcional ao grao de adecuación das actividades e canais elixidos ao público destinatario previsto no programa, para dar cumprimento aos obxectivos marcados

g) *Repercusión do programa* **(10 puntos)**; terase en conta o obxectivo e repercusión esperada para o programa

- en caso de que a repercusión prevista sexa en termos de *alcanzar un maior coñecemento do produto ou unha mellora da imaxe*, os 10 puntos repartiranse tendo en conta as actividades incluídas no programa que van dirixidas a aumentar a notoriedade, é dicir, actividades que prevexan unha gran repercusión e impacto, como por exemplo o uso de medios (televisión, radio, internet, redes sociais...) feiras...

- en caso de que a repercusión esperada do programa sexa de tipo económico (incrementos de vendas...), os 10 puntos *concederanse da seguinte maneira*:

- se é superior ao 5%, 10 puntos,
- se é menos do 5%, 5 puntos e
- se o incremento se prevé cero, 0 puntos.

h) *Método para medir a repercusión.*

A asignación dos 10 puntos realizarase da seguinte maneira:

- 10 puntos se existe un método de avaliación descrito e coherente co obxectivo que se vai avaliar
- 6 puntos se existe un método descrito pero non de todo adecuado ao obxectivo que se vai valorar.
- 0 puntos se existe un método descrito pero non se adecua ao obxectivo que se vai valorar ou se non existe método para valorar a repercusión

2. Criterios de priorización

	Puntuación máxima
1. Propoñente	
a) Representatividade do propoñente	5 puntos
b) Microempresas e pequenas e medianas empresas e entidades asociativas prioritarias	10 puntos
c) Programas presentados por novos beneficiarios	5 puntos
2. Programa	
a) Programas que teñan como obxectivo un novo país	10 puntos
b) Relación calidade/prezo	15 puntos
3. Interese para a comunidade autónoma:	
a) Criterio que decidirá cada comunidade autónoma	10 puntos
b) Grao de execución	5 puntos
Valoración total xeral	60 puntos

1. Características do propoñente

- a) Representatividade do propoñente: concederanse os 5 puntos en caso de que o beneficiario sexa un dos recollidos na letra c) do artigo 5 do presente real decreto.
- b) Microempresas e pequenas e medianas empresas segundo se definen na Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas, e entidades asociativas prioritarias que estean recoñecidas ao abeiro do Real decreto 550/2014.
- c) Programas presentados por novos beneficiarios que non presentasen programas en anos anteriores

2. Características do programa

- a) Programas que teñan como obxectivo un novo país: a puntuación repartirase de forma proporcional á porcentaxe de orzamento destinado a novos países, correspondendo os 10 puntos só aos programas en que estes destinos supoñan o 100% do orzamento.
- b) Relación calidade prezo
 - 7,5 puntos que se repartirán en función da adecuación dos custos do programa aos prezos de mercado.
 - 7,5 puntos en función da repercusión estimada polo propoñente en termos de impactos ou incremento previsible das súas vendas en relación co custo da acción proposta.
 - -0 puntos se non existe información suficiente para valorar este número
 - -7,5 puntos repartidos segundo o índice resultante da división seguinte:
Índice=impactos ou vendas en país(es) obxecto de programa x % incremento previsto / investimento en promoción.
 - Cando o índice sexa > 0,60, danse 7,5 puntos
 - Cando o índice estea entre 0,30 e 0,60, danse 5 puntos
 - Cando o índice sexa < de 0,30, danse 2,5 puntos

3. Interese para a comunidade autónoma:

- a) Criterio que decidirá a comunidade autónoma.
- b) A comunidade autónoma poderá asignar 5 puntos por boa execución aos programas que executasen, ao menos, o 75% do orzamento no exercicio anterior.

ANEXO VII

Condicións para a subvencionabilidade dos custos de persoal e gastos xerais e outros

- a) Custos de persoal da empresa dedicado en exclusiva ás actividades de promoción. Deberán demostrar a relación contractual coa empresa, mediante os datos do contrato, cotización á Seguridade Social a cargo da empresa e os impostos persoais á renda (IRPF). Tanto se é persoal técnico como administrativo deberase demostrar a dedicación en exclusiva ás actividades de promoción establecidas no programa aprobado.
- b) Custos de persoal da empresa non dedicado en exclusiva ás actividades de promoción: deberán demostrar a relación contractual coa empresa mediante os datos do contrato, cotización á Seguridade Social e o IRPF. Ademais, deberán achegar as correspondentes táboas horarias onde se indique categoría profesional, número de horas de dedicación, custo horario e custo total, así como certificación do responsable de persoal da empresa que acredite a relación do traballador co programa aprobado. Avaliarase a coherencia das ditas táboas co programa e subvencionarase unicamente o importe xustificado mediante as ditas táboas.

A suma das letras a e b (custos de persoal) non poderá superar o 13% do total de custos do programa aprobado; por este motivo os ditos gastos deberán figurar convenientemente desagregados no orzamento recapitulativo do programa que se presente.

- c) Gastos xerais: serán subvencionables os custos xerais do beneficiario até un límite dun 4 por cento dos custos efectivos de execución das actividades promocionais. Estes gastos para ser subvencionables deberán estar recollidos como unha partida específica no orzamento recapitulativo do programa. Xustificaranse mediante un certificado do beneficiario que acredite eses gastos de administración e xestión do programa aprobado.
- d) Aloxamento, manutención e comidas colectivas. Aboaranse as seguintes cantidades máximas:
 - para o aloxamento: 120 euros/día en España e 180 euros día en terceiros países;
 - para a manutención: 80 euros/día en España e 90 euros/día en terceiros países. Na axuda de custo por manutención serán posibles dúas opcións:
 - Solicitar o importe a tanto global sen achegar xustificantes.
 - Solicitar o importe exacto das facturas achegadas.
 - para comidas colectivas: 60 euros/persoa en España e 70 euros/ persoa en terceiros países. Para a súa xustificación será necesario achegar lista de participantes e a súa relación coa acción ou programa promocional obxecto da reunión.
- e) Viño que se vai empregar como material promocional: no caso de catas, misións inversas e similares será dun máximo dunha botella por cada 6 participantes.

ANEXO VIII**Relación de gastos non subvencionables**

- Provisións para futuras posibles perdas ou débedas.
- Gastos de transporte en taxi ou transporte público, cubertos polas axudas de custo diarias.
- Gastos bancarios, xuros bancarios ou primas das pólizas de seguros. Entre os ditos gastos encóntranse, en particular, os gastos de constitución e mantemento dos avais bancarios que responden como garantía.
- Perdas por troco de divisas.
- No caso de que se repita ou solicite unha prórroga para realizar o programa de promoción no mesmo país, non se poderán incluír gastos de actividades promocionais xa solicitadas no programa anterior (ex. custos de creación de páxinas web, anuncios de televisión e radio, elaboración de material audiovisual, estudos de mercado, etc.).
- Gastos que estean fóra do obxecto do programa
- Creación e rexistro de marcas.
- Tampouco poderán considerarse subvencionables gastos equivalentes a descontos comerciais nin os asimilables a axudas directas ao produtor.

ANEXO IX**Necesidades de financiamento para a reestruturación e reconversión de viña para o exercicio orzamentario 20...**

Comunidade autónoma: Data de comunicación:	
Superficie afectada (ha)	Importe total (€)

Comunicación de acordo co número 1 do artigo 28 do presente real decreto

ANEXO X**Pagamentos de reestruturación e reconversión**

Comunidade autónoma: Data de comunicación:	

Comunicación de acordo co número 1 do artigo 30 do presente real decreto

ANEXO XI

Previsións de gasto de reestruturación e reconversión até o 15 de outubro

Previsións de gastos até o 15 de outubro

Comunidade autónoma:	
Data de comunicación:	
Superficie afectada (ha)	Importe total (€)

Comunicación de acordo co número 2 do artigo 30 do presente real decreto

ANEXO XII

Operacións subvencionables en reestruturación e reconversión de viñas

Operación	Importe máximo subvencionable
A) REIMPLANTACIÓN DE VIÑAS	
1. Arrinca (incluída a recolla de cepas)	430 €/ha
2. Preparación do solo	1.400 €/ha
3. Preparación do solo para a plantación en cavas ("hoyos") na illa de Lanzarote ¹	4.200 €/ha
4. Preparación do solo para a plantación en gabias ("zanjas") na illa de Lanzarote ²	2.350 €/ha
5. Reposición de cinza volcánica ("picón") ³	5.100 €/ha
6. Desinfección	2.000 €/ha
7. Saca de pedras	400 €/ha
8. Nivelación do terreo	800 €/ha
9. Socalcamento	19.000 €/ha
10. Socalcamento con muras de pedra en pendentes maiores do 30%	30.000 €/ha
11. Planta e plantación	1,69 €/planta
12. Protección individual de plantas contra coellos no momento da plantación (incluída a colocación)	0,5 €/unidade
13. Sistemas de conducción (incluída colocación)	
13.1. Espaller	3.400 €/ha
13.2. Estacada	5.000 €/ha

¹ É excluínte coa operación de preparación do solo² É excluínte coa operación de preparación do solo³ Operación ligada exclusivamente a operacións 3 e 4

Operación	Importe máximo subvencionable
13.3. Parra ou similares	15.000 €/ha
13.4. Parra baixa Canarias	8.300 €/ha
13.5. Elevación individualizada ⁴	1 €/unidade
B) RECONVERSIÓN DE VIÑAS	
14. Sobre enxertía	0,9 €/unidade
C) MELLORA DE TÉCNICAS DE XESTIÓN DE VIÑAS	
15. Cambio de vaso a espaller ou a outro sistema de conducción	600 €/ha + sistema de conducción

⁴ Exclusivamente Comunidade Autónoma de Galicia, País Vasco e Canarias

ANEXO XIII

Necesidades de financiamento para a replantación por motivos sanitarios ou fitosanitarios para o exercicio orzamentario 20...

Comunidade autónoma:	
Data de comunicación:	
Superficie afectada (ha)	Importe total (€)

Comunicación de acordo co número 2 do artigo 38 do presente real decreto

ANEXO XIV

Informe anual acerca dos controis sobre o terreo efectuados en materia de reestruturación e reconversión de viñas de acordo co artigo 42

A. Reestruturación e reconversión de viñas

Comunidade autónoma:												
Exercicio financeiro:												
Data de comunicación:												
Número total de operacións de reestruturación e reconversión aprobadas	Operacións de reestruturación afectadas por unha arrinca previa *		Controis antes da arrinca **				Controis tras a reestruturación/reconversión		Superficie finalmente admitida tras o control (ha)	Superficie non admitida tras o control (ha)	Primas solicitadas rexetadas (EUR)	Sancións **
	Número de solicitudes	Superficie (ha)	Número de produtores controlado	Superficie controlada (ha)	Número de produtores controlado	Superficie controlada (ha)	Número de produtores controlado	Superficie controlada (ha)				
Total												

B. Reimplantación de viñas por motivos sanitarios ou fitosanitarios

Comunidade autónoma:												
Exercicio financeiro:												
Data de comunicación:												
Número total de operacións de replantación globalmente aprobadas	Operacións de replantación globalmente aprobadas		Control administrativo antes da replantación				Control tras a replantación		Superficie finalmente admitida tras o control (ha)	Superficie non admitida tras o control (ha)	Primas solicitadas rexetadas (EUR)	Sancións **
	Número de solicitudes	Superficie (ha)	Número de produtores controlados	Superficie controlada (ha)	Número de produtores controlados	Superficie controlada (ha)	Número de produtores controlados	Superficie controlada (ha)				
Total												

* Parcialmente incluído nas columnas 2 e 3.

** Cando proceda.

Prazo para a comunicación: antes do 15 de novembro de cada ano

ANEXO XV

SOLICITUDE DE AXUDA
Á DESTILACIÓN DE SUBPRODUTOS

(Art. 52 do Regulamento (UE) nº 1308/2013)

DESTILADOR (Cubrir ou pór etiquetas)	PRODUTOR (Cubrir ou pór etiquetas)
APELIDOS E NOME e/ou RAZÓN SOCIAL	APELIDOS E NOME e/ou RAZÓN SOCIAL
DNI/CIF	DNI/CIF
DOMICILIO: RÚA.....	R.I.A.....
LOCALIDADE e/ou MUNICIPIO.....	DOMICILIO: RÚA.....
PROVINCIA..... C.P.....	LOCALIDADE e/ou MUNICIPIO.....
CÓDIGO DESTILADOR.....	PROVINCIA.....
	C.P.....
	ADEGA (de elaboración)
	N.I.D.P.B.....
	ZONA VITÍCOLA

D.....con NIF/CIF..... en calidade de (1)do destilador sinalado realizou a destilación de subprodutos do artigo 52 do Regulamento (UE) nº 1308/2013, correspondente ao produtor identificado no recadro superior, que entregou para a súa destilación os produtos que se xustifican na relación que se xunta, e obtívose o alcohol que se detalla no recadro inferior. Por todo o cal

SOLICITA:

- A) Percibir a axuda que lle poida corresponder para as citadas cantidades de alcohol obtido da destilación indicada, unha vez realizada a destilación conforme o regulamentariamente establecido, e comprométese a comunicar e xustificar o destino do citado alcohol e a proceder ao reintegro da axuda cos correspondentes xuros se este non se utilizara exclusivamente con fins industriais ou enerxéticos, que debe ser ingresada na conta e entidade sinalada máis adiante.

ALCOHOL OBTIDO		
MATERIA PRIMA	CLASE DE ALCOHOL	HECTOGRAOS
BAGAZO	BRUTO	
LÍAS	BRUTO	
VIÑO	BRUTO	
TOTAL		

- B) Que se lle aboe o importe correspondente ao anticipo previsto (60% do importe inicial da axuda) pola destilación realizada.

En..... o..... de..... de.....
POLO DESTILADOR,

Asdo.:

SR. DIRECTOR XERAL.....

ANEXO XVI

XVI.1 Lista de actuacións admisibles

1. Elaboración de produtos vitivinícolas: as operacións propias do proceso de elaboración, desde a recepción da uva até o almacenamento do produto terminado, incluíndo os sistemas informáticos para o control dos procesos produtivos.
2. Control da calidade: calquera operación realizada no proceso de control da calidade dos produtos, desde a toma de mostras na recepción da uva en adega, os controis realizados durante o proceso da elaboración, o aseguramento da rastrexabilidade, os sistemas de calidade ou a implantación de normas de calidade alimentaria.
3. Comercialización: calquera operación realizada nos países da UE, incluída España, en:
 - a) puntos de venda directa na adega, incluíndo salas de exposición e degustación, pero separados fisicamente das instalacións de elaboración.
 - b) puntos de venda fóra da adega, almacéns, centros loxísticos e oficinas comerciais.
 - c) equipamentos necesarios para a exposición e/ou venda.
 - d) desenvolvemento de redes de comercialización.
 - e) hardware, software, plataformas web/comercio electrónico, para a adopción de tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) e o comercio electrónico.
4. Vinculadas á empresa en xeral: as operacións que melloren a estrutura operativa dos sistemas de xestión administrativa, a organización e o control da empresa, así como o desenvolvemento das redes de información e comunicación.

XVI.2 Moderación de custos: contías máximas subvencionables

Os importes máximos subvencionables dentro dos proxectos de investimento para os conceptos seguidamente sinalados ateranse aos límites que aquí se indican, de maneira que cando nun proxecto concreto se superen estes límites, o exceso será considerado gasto non subvencionable

1. Adquisición, construción, ampliación ou reforma de edificacións. O importe máximo subvencionable ascenderá a:
 - 450 euros por metro cadrado construído cando o investimento se execute en España.
 - 500 euros metro cadrado cando o investimento se execute noutros países da Unión Europea.

Para a aplicación deste límite teranse en conta tanto os gastos de adquisición como os de obra civil en edificación nova ou reformada, incluíndo as súas divisións interiores.

Neste límite non serán tidos en conta os gastos relativos a instalacións, sexa cal sexa a súa natureza.

2. Cerramentos perimetrais de predios. O importe máximo subvencionable ascenderá a 35 euros por metro lineal, incluídos todos os elementos singulares distintos ás portas.
O número de metros lineais máximo subvencionable será igual, en valor absoluto, á suma do número de metros cadrados construídos e/ou que se pretenden construír dentro do establecemento obxecto do proxecto de investimento.
3. Explanación e urbanización, incluída a dotación firme. O importe máximo subvencionable ascenderá a 30 euros por metro cadrado obxecto de actuación.
O número de metros cadrados máximo subvencionable será igual ao dobre da superficie nova construída.

Estes límites serán aplicables tanto na avaliación da solicitude de axuda como na avaliación das solicitudes de pagamento.

ANEXO XVII

XVII.1 Lista xeral de gastos non considerados subvencionables

1. Os gastos de constitución e primeiro establecemento.
2. A compra de terreos e os gastos relacionados con ela (honorarios de notario, impostos e similares).
3. A compra de edificios que vaian ser derrubados. Se a compra dun edificio é obxecto de axuda, o valor do terreo construído e o do que rodea o edificio, valorado por técnico competente, non se considera subvencionable.
4. A compra de edificios ou locais se estes foron subvencionados nos últimos dez anos. Para isto xuntarase declaración das subvencións recibidas polo edificio ou o local durante os últimos dez anos. Tampouco serán subvencionables os investimentos en reformas de locais que fosen subvencionados anteriormente polas administracións públicas e non transcorresen cinco anos desde a súa finalización.

5. Traballos ou investimentos empezados ou realizados, salvo os seguintes anteriores a un ano da data de solicitude:
 - a) honorarios técnicos, gastos de estudos de viabilidade económica, técnica, xeotectónica, de mercado e similares, a adquisición de patentes e licenzas e gastos relacionados cos permisos e seguros de construción. Non terán a consideración de gastos auxiliares os impostos, as taxas, as contribucións ou outros impostos.
 - b) abastecemento de materiais de construción e encarga ou compra de maquinaria, mesmo a subministración, pero non a montaxe, instalación e proba.
6. Obras de ornamentación e equipamentos de recreo, salvo nos proxectos de investimento en que se prevexan actuacións de comercialización, caso en que o límite máximo de investimento auxiliabile para obras de ornamentación e equipamentos de recreo será do 25% do investimento en actuacións de comercialización.
7. A compra de material amortizable normalmente nun ano (botellas, embalaxes, material funxible de laboratorio e similares).
8. As tarimas, caixóns tarima e caixas de campo.
9. Os investimentos que figuren na contabilidade como gastos.
10. A compra e instalación de maquinaria e equipamentos de segunda man.
11. Os gastos relativos ao traslado de maquinaria xa existente até o local ou lugar en que se vai realizar o proxecto
12. As reparacións e obras de mantemento. Non teñen a consideración de reparacións as operacións realizadas sobre maquinaria instalada para ampliar a súa capacidade ou mellorar as súas prestacións.
13. O imposto do valor engadido (IVE) ou calquera outro imposto recuperable polo beneficiario.
14. As edificacións destinadas a vivenda.
15. Vehículos, salvo os de transporte interno nas instalacións.
16. Os gastos de alugamento de equipamentos de produción e os investimentos financiados mediante arrendamento financeiro.
17. A man de obra propia e os materiais de igual procedencia.
18. Os gastos por transaccións financeiras, xuros debedores ou de demora, as comisións por troco de divisas e as perdas, así como outros gastos puramente financeiros.
19. As multas, sancións financeiras e gastos de procedementos legais.
20. Rótulos ou indicadores en vías públicas ou outros espazos públicos ou privados que non se encontren no establecemento, tenda, instalación, predio ou recinto do solicitante.

21. Investimentos en enoturismo
22. Gastos de tramitación administrativa
23. Compra de edificios ou instalacións que estean alugados ou noutro réxime de tenza polo solicitante na data da solicitude.
24. A adquisición de mobiliario, salvo o específico para laboratorios ou zonas de exposición de produtos.
25. Os gastos relativos á promoción (postos, conferencias, folletos, catálogos non inventariables, publicidade, etc.).

XVII.2 Gastos considerados non subvencionables en proxectos que prevexan a elaboración de viños protexidos por algunha figura de calidade

1. Na elaboración de viños protexidos por algunha figura de calidade non serán subvencionables os depósitos, maquinaria ou instalacións que non contribúan á obtención de produtos de calidade, tales como:
 - As prensas coñecidas como continuas, nas cales a presión é exercida por un parafuso de Arquímedes no seu avance sobre un contrapeso.
 - As máquinas machucadoras de acción centrifuga, de eixe vertical.
 - As prácticas de prequentamento da uva ou quentamento dos mostos ou dos viños en presenza de bagazos tendentes a forzar a extracción de materia corante.
2. A compra de cubas, salvo que sexan de nova adquisición e supoñan un aumento do parque de cubas por incremento da capacidade da adega.
3. A construción ou adquisición de depósitos non revestidos de material inerte.

ANEXO XVIII

CRITERIOS DE VALORACIÓN	Puntuación máxima
1. Características do solicitante:	
1.1 DIMENSIÓN DA EMPRESA SOLICITANTE: se o solicitante é unha pequena e mediana empresa	5 puntos
1.2 PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE XÉNERO: nos casos de solicitudes correspondentes a persoas físicas, se o solicitante é muller	2 puntos
1.3 PROMOCIÓN DOS MOZOS: nos casos de solicitudes correspondentes a persoas físicas, se o solicitante é un agricultor mozo, nos termos definidos polo artigo 2.1 n) do Regulamento (UE) nº 1305/2013, que, ademais, acredite actividade como viticultor, ao menos, desde o ano anterior á presentación da solicitude de axuda	2 puntos
1.3 PROMOCIÓN DE COOPERATIVAS MENORES: se o solicitante é unha cooperativa de até 150 socios (inclusive)	3 puntos
1.4 PROMOCIÓN DE COOPERATIVAS MAIORES: se o solicitante é unha cooperativa con máis de 150 socios	4 puntos
1.5. PROMOCIÓN DA FUSIÓN DE COOPERATIVAS: se o solicitante é unha cooperativa de 1º grao con máis de 250 socios e resultante dun proceso de fusión nos dous últimos anos anteriores á solicitude	5 puntos
1.6 PROMOCIÓN DE ENTIDADES ASOCIATIVAS PRIORITARIAS: se o solicitante é unha entidade acollida á Orde APA/180/2008, do 22 de xaneiro, ou entidade asociativa prioritaria recoñecida de acordo co Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolven os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das entidades asociativas prioritarias e para a súa inscrición e baixa no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, previsto na Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario	6 puntos
1.7 PROMOCIÓN DAS FIGURAS DE CALIDADE: se o solicitante é un produtor vitivinícola cuxa produción ou ao menos unha parte dela, desde o ano anterior á presentación da solicitude de axuda, se acolleu á produción ecolóxica	5 puntos
1.8 PROMOCIÓN DA CERTIFICACIÓN: se as instalacións do solicitante dispoñen de certificación de aseguramento da calidade (BRC, IFS, ISO) ou ambiental	3 puntos
1. Subtotal.....	35 puntos
2. Características do proxecto:	
2.1 PROMOCIÓN DOS PRODUTORES VITIVINÍCOLAS: o investimento destinado á transformación e comercialización da totalidade da produción de uva propia do solicitante.	7 puntos
Se ademais o solicitante é titular dunha explotación inscrita segundo o previsto no artigo 6 da Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias	3 puntos

CRITERIOS DE VALORACIÓN	Puntuación máxima
2.2 APOIO AO VITICULTOR: o transformador dispón de contrato homologado pola Lei 2/2000 para a totalidade da uva, excluída a uva propia, cos viticultores	5 puntos
2.3 APOIO Á VITICULTURA INSULAR: o investimento realízase en territorio insular	3 puntos
2.4 RECOÑECEMENTO DA EXPERIENCIA EXPORTADORA: experiencia exportadora nalgún dos 3 exercicios anteriores á presentación da solicitude con, ao menos, o 10% do volume de produción do solicitante se se realiza na Unión Europea (excepto España).	5 puntos
2.5 RECOÑECEMENTO DA EXPERIENCIA EXPORTADORA: experiencia exportadora nalgún dos 3 exercicios anteriores á presentación da solicitude con, ao menos, o 5% do volume de produción do solicitante se é fóra da Unión Europea	10 puntos
2.6 ABANDONO DO CENTRO URBANO: o investimento supón o traslado das instalacións do interior dun centro urbano a outras zonas habilitadas para o uso proxectado.	7 puntos
2.7 EFICIENCIA ENERXÉTICA, HÍDRICA OU XESTIÓN DE RESIDUOS: ao menos, o 10% do orzamento auxiliabile solicitado destínase á mellora da eficiencia enerxética, á redución do consumo hídrico ou á mellora no tratamento e/ou á xestión de residuos	10 puntos
2. Subtotal.....	50 puntos
TOTAL.....	85 puntos

ANEXO XX

Datos para avaliación e seguimento da medida de investimentos

SOLICITANTE / BENEFICIARIO

TIPO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PERSOA FÍSICA ▪ SOCIEDADES CIVÍS PARTICULARES ▪ COMUNIDADE DE BENS ▪ PERSOA XURÍDICA: <ul style="list-style-type: none"> ○ COOPERATIVA ○ OUTRAS: S.A.T <li style="padding-left: 20px;">S.A. <li style="padding-left: 20px;">S.L. <li style="padding-left: 20px;">Outras
TAMAÑO DO BENEFICIARIO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TAMAÑO DO BENEFICIARIO: <ul style="list-style-type: none"> ○ PEME ○ Grandes “intermedias” ○ Grandes “ non intermedias” ▪ VITICULTOR: <ul style="list-style-type: none"> ○ Si ○ Non
IDENTIFICACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ▪ NIF ▪ Domicilio social ▪ Domicilio fiscal

SOLICITUDE

IDENTIFICACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DATA DE PRESENTACIÓN <ul style="list-style-type: none"> ○ Admitida ○ Non admitida ▪ DATA DE RESOLUCIÓN ▪ DATA DE ACEPTACIÓN, RENUNCIA OU DESISTENCIA ▪ DATA DE PAGAMENTO POR ANUALIDADE <ul style="list-style-type: none"> ▪ Pagamento parcial ▪ Pagamento final
----------------	---

PROXECTO

PROXECTO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DESCRIPCIÓN XENÉRICA ▪ OBXECTIVO FINAL ▪ ANUAL OU PLURIANUAL: <ul style="list-style-type: none"> ○ Dous anos ○ Tres anos ○ Catro anos ▪ ORZAMENTO POR ANUALIDADE ▪ AXUDA POR ANUALIDADE
OPERACIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> ▪ NÚMERO DE OPERACIÓNS ▪ DESCRIPCIÓN DAS OPERACIÓNS ▪ CUSTO DE CADA OPERACIÓN
CARACTERÍSTICAS DO INVESTIMENTO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIPO DE INVESTIMENTO: <ul style="list-style-type: none"> ○ Nova instalación ○ Ampliación ○ Mellora ○ Traslado ▪ TIPO DE ACTUACIÓN: <ul style="list-style-type: none"> ○ Producción e comercialización: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Producción (elaboración) ▪ Control de calidade ▪ Comercialización ▪ Xerais ▪ CARACTERÍSTICAS DA COMERCIALIZACIÓN: <ul style="list-style-type: none"> ○ Individual/Conxunta ○ Nacional/Internacional ▪ PRODUTOS: SEGUNDO O ANEXO VII PARTE II ▪ Nº DE EMPREGADOS ANTES DO INVESTIMENTO ▪ Nº DE EMPREGADOS DESPOIS DO INVESTIMENTO

INDICADORES DE IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PROXECTO SOLICITADO POR UN VITICULTOR QUE INICIA A ACTIVIDADE DE ELABORADOR <ul style="list-style-type: none"> ○ SI/NON ▪ PROXECTO SOLICITADO POR UNHA EMPRESA PARA A COMERCIALIZACIÓN DE VIÑO EMBOTELLADO DIRECTAMENTE AO CONSUMIDOR <ul style="list-style-type: none"> ○ SI/NON
MODIFICACIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DATA DE SOLICITUDE ▪ CALENDARIO DE EXECUCIÓN ▪ ORZAMENTO Á ALZA SEN MODIFICAR SUBVENCIÓN ▪ ORZAMENTO Á BAIXA CON REDUCIÓN DA SUBVENCIÓN
ANTICIPOS	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ATA DE SOLICITUDE ▪ IMPORTE DE SOLICITUDE POR EXERCICIO FEAGA ▪ IMPORTE CONCEDIDO POR EXERCICIO FEAGA

ANEXO XXI

Gastos non considerados subvencionables na medida de innovación

1. Os gastos e pagamentos que fosen realizados fóra dos prazos de execución do proxecto ou actuación e de xustificación, respectivamente.
2. Os debidos á aplicación do imposto sobre o valor engadido (IVE) ou calquera outro imposto recuperable polo beneficiario.
3. Gastos financeiros derivados do pagamento aprazado de investimentos ou doutros motivos.
4. Investimentos en equipamentos ou instalacións usadas.
5. Os investimentos de mera substitución

ANEXO XXII

Criterios de valoración na medida de innovación

CRITERIOS DE VALORACIÓN	Puntuación máxima
1. Características do solicitante:	
1.1 Pequena e mediana empresa	3 puntos
1.2 Organización de produtores recoñecida de acordo co artigo 152 do Regulamento 1308/2013	5 puntos
1.3 Cooperativa de até 150 socios	3 puntos
1.4 Cooperativa con máis de 150 socios	4 puntos
1.5. Cooperativa de 1º grao maior 250 socios e resultante dun proceso de fusión nos dous últimos anos anteriores á solicitude	5 puntos
1.6 Entidade acollida á Orde APA/180/2008, do 22 de xaneiro, ou entidade asociativa prioritaria recoñecida de acordo co Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolven os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das entidades asociativas prioritarias e para a súa inscrición e baixa no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, previsto na Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario	6 puntos
1.7 A produción do solicitante pertence a unha DOP/IXP ou é produción ecolóxica	3 puntos
1.8 As instalacións do solicitante dispoñen de certificación de aseguramento da calidade (BRC, IFS, ISO) ou ambiental	2 puntos
1. Subtotal.....	31 puntos
2. Características do proxecto e o investimento:	
2.1 O proxecto ten como obxectivo o desenvolvemento de métodos alternativos ao SO ₂	10 puntos
2.2 O proxecto ten como obxectivo o desenvolvemento de técnicas ou tratamentos para controlar a evolución e estabilidade do viño	8 puntos
2.3 O proxecto ten como obxectivo o desenvolvemento de métodos ou técnicas para predicir ou controlar <i>Brettanomyces</i> e outros microorganismos alterantes en adega	6 puntos
2.4 O proxecto ten como obxectivo o desenvolvemento de novos envases ou estratexias de control da rastrexabilidade do produto	10 puntos
2.4 O proxecto ten como obxectivo o desenvolvemento de novos métodos para a elaboración e conservación de viños con baixo grao alcohólico	3 puntos
2.5 O proxecto ten como obxectivo o desenvolvemento de tecnoloxía para a mellora da eficiencia enerxética, a redución do consumo hídrico ou a mellora no tratamento e/ou a xestión de residuos	10 puntos
2.6 O investimento realízase en territorio insular	3 puntos
3. Subtotal.....	50 puntos
TOTAL.....	81 puntos

ANEXO XXIV

Modelo de datos para a medida de innovación

SOLICITANTE / BENEFICIARIO

TIPO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PERSOA FÍSICA ▪ SOCIEDADES CIVÍS PARTICULARES ▪ COMUNIDADE DE BENS ▪ PERSOA XURÍDICA: <ul style="list-style-type: none"> ○ COOPERATIVA ○ OUTRAS: S.A.T <li style="padding-left: 40px;">S.A. <li style="padding-left: 40px;">S.L. <li style="padding-left: 40px;">Outras ▪ Organizacións de produtores de viño, recoñecidas de acordo co artigo 152 do Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013
TAMAÑO DO BENEFICIARIO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TAMAÑO DO BENEFICIARIO: <ul style="list-style-type: none"> ○ PEME ○ Grandes “intermedias” ○ Grandes “non intermedias” ▪ VITICULTOR: <ul style="list-style-type: none"> ○ Si ○ Non
IDENTIFICACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ▪ NIF ▪ Domicilio social ▪ Domicilio fiscal

SOLICITUDE

IDENTIFICACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DATA DE PRESENTACIÓN <ul style="list-style-type: none"> ○ Admitida ○ Non admitida ▪ DATA DE RESOLUCIÓN ▪ DATA DE ACEPTACIÓN, RENUNCIA OU DESISTENCIA ▪ DATA DE PAGAMENTO POR ANUALIDADE ▪ Pagamento final
----------------	--

PROXECTO

PROXECTO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DESCRIPCIÓN XENÉRICA ▪ OBXECTIVO FINAL ▪ ANUAL OU PLURIANUAL: <ul style="list-style-type: none"> ○ Dous anos ○ Tres anos ○ Catro anos ▪ ORZAMENTO POR ANUALIDADE ▪ AXUDA POR ANUALIDADE
CARACTERÍSTICAS DO INVESTIMENTO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PRODUTOS: <ul style="list-style-type: none"> ○ MENCIONADOS NO ANEXO VII PARTE II ○ RELACIONADOS COS MENCIONADOS NO ANEXO VII PARTE II ▪ Nº DE EMPREGADOS ANTES DO INVESTIMENTO ▪ Nº DE EMPREGADOS DESPOIS DO INVESTIMENTO
MODIFICACIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DATA DE SOLICITUDE ▪ CALENDARIO DE EXECUCIÓN ▪ ORZAMENTO Á ALZA SEN MODIFICAR SUBVENCIÓN ▪ ORZAMENTO Á BAIXA CON REDUCIÓN DA SUBVENCIÓN
ANTICIPOS	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DATA DE SOLICITUDE ▪ IMPORTE DE SOLICITUDE POR EXERCICIO FEAGA ▪ IMPORTE CONCEDIDO POR EXERCICIO FEAGA

ANEXO XXV

Datos mínimos que ten que remitir a comunidade autónoma

Comunidade autónoma:				
Exercicio financeiro:				
Data de comunicación:				
NIF	Superficie solicitada	Volume de viño estimado de retirada	Axuda estimada (€/ha)	Axuda estimada total (€)

ANEXO XXVI

Informe anual acerca dos controis sobre o terreo efectuados en materia de colleita en verde de acordo co artigo 90

Comunidade autónoma:

Exercicio financeiro:

Data de comunicación:

Número total de operacións de reestruración e reconversión aprobadas	Operacións de reestruración afectadas por unha arrinca previa *		Controis antes da arrinca **				Controis tras a reestruración/reconversión			Superficie non admitida tras o control (ha)	Primas solicitadas rexetadas (EUR)	Sancións (*)	
	Número de solicitudes	Superficie (ha)	Administrativos		Sobre o terreo		Número de produtores controlado	Superficie controlada (ha)	Número de produtores controlado				Superficie controlada (ha)
			Número de produtores controlado	Superficie controlada (ha)	Número de produtores controlado	Superficie controlada (ha)							
Total													

*Cando proceda.